

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.

I. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a prestación dos servizos de limpeza das dependencias da Casa Consistorial e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo, detallándose as mesmas no PPTP.

A descrición detallada da metodoloxía e das características dos servizos a prestar recóllese no Prego de Prescricións Técnicas Particulares PPTP, correspondéndose coas tipoloxías de: limpeza habitual ou ordinaria de frecuencia diaria, limpeza habitual ou ordinaria de frecuencia non diaria, limpeza programada, limpeza extraordinaria e limpeza baixo demanda.

Con este contrato satisfáense as necesidades de limpeza das dependencias e outras instalacións municipais. Estímase que a necesidade á que se pretende dar cumprimento mediante as citadas prestacións e a súa relación co obxecto do contrato resulta directa, clara e proporcional polos motivos expostos no informe de necesidade do contrato de data 11/10/2022.

II. DIVISIÓN EN LOTES

Tal e como prevé o artigo 99.3.b da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente.

En relación coas prestacións obxecto do contrato, a desenvolver nas diferentes dependencias e outras instalacións do Concello de Vigo, xustifícase a non división en lotes do obxecto do presente contrato polos seguintes motivos:

- A optimización e eficiencia dos medios utilizados, xa que moitos centros de traballo, polo seu reducido tamaño, teñen unha escasa carga de traballo. Así mesmo a proximidade xeográfica entre eles posibilita a execución dos traballos de limpeza compartindo recursos adscritos ao contrato, tanto medios humanos como medios materiais.
- En relación cos medios materiais (máquinas de auga a presión, fregados industriais, varredoras, útiles específicos para limpeza de cristais, etc) así como os grandes medios (vehículos, plataformas elevadoras, etc), son comúns para os diferentes centros de traballo. A división en lotes dificultaría a correcta execución do servizo dende o punto de vista técnico, e incrementaría notablemente os custos económicos ao ser necesaria unha multiplicidade de medios materiais de forma absolutamente innecesaria dende un punto de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 1 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

vista da correcta planificación técnica.

- A non división en lotes facilita a comunicación cos responsables dos diferentes centros de traballo -que nalgúns casos son comúns para diferentes instalacións- mellorando substancialmente a comunicación de incidencias, avisos, etc., na prestación do servizo.
- A interlocución unificada para a prestación do servizo permite resolver con maior axilidade a coordinación das incidencias, favorecendo unha mellor execución das prestacións. Un contrato non dividido en lotes permite unificar a toma de decisións sobre a asignación de medios entre as distintas dependencias obxecto do contrato, e o apoio con recursos comúns a tarefas extraordinarias e baixo demanda.
- A non división en lotes permite a realización dun único programa de supervisión e control interno do Plan de servizos, o que mellora o coñecemento do desenvolvemento do mesmo. Este programa único de supervisión e control interno é idóneo para a correcta execución do contrato unificando, mellorando o control e información sobre o persoal, material, horarios de traballo, etc. A división en lotes impediría a correcta coordinación do servizo a prestar e incrementaría os custes do mesmo ao ter que executarse diferentes programas de supervisión, minguando a calidade do servizo pola necesaria demora no tempo da integración das mesmas, reducindo polo tanto a eficiencia na súa prestación.
- O prezo do contrato unificado e non dividido en lotes redúcese ao reducir custes de estrutura, que se unifican nun único prestador e se multiplican coa división en lotes.

III. XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN

Tal e como determina o artigo 116 da LCSP, xustifícase a presente contratación dos servizos de limpeza das dependencias municipais e outras instalacións do Concello de Vigo, na insuficiencia de medios do Servizo municipal de limpeza, por canto este non conta nin co persoal nin cos medios materiais (detallados no PPT) necesarios para a execución directa dos servizos que son obxecto deste contrato.

Na presente contratación, a necesidade ven xustificada polo feito de que o uso diario e cotián das dependencias e outras instalacións municipais fai necesaria unha limpeza periódica dos espazos e locais, co seu mobiliario, e outros espazos tanto de uso do persoal propio como adicados a uso público. Garántense deste xeito as mínimas condicións de salubridade e hixiene, necesarias para o correcto desenvolvemento dos traballos tanto administrativos como da actividade laboral e de atención ao público no seu caso.

O desenvolvemento das labores de limpeza nas dependencias e outras instalacións municipais resulta imprescindible para o correcto funcionamento destas. Se fai necesario proceder á súa contratación xa que o Concello de Vigo non conta con recursos propios adecuados que garantan a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 2 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

correcta prestación do servizo, en consideración á elevada demanda de persoal, medios materiais, necesidade de coordinación etc., que impiden a súa execución de maneira directa pola administración.

O artigo 25.2 da LBRL dispón que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras as seguintes materias: policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios, protección da salubridade pública, promoción de instalacións de ocupación do tempo libre, promoción da cultura e equipamentos culturais, etc. Para exercer estas competencias é necesaria a conservación e mantemento dos edificios e outras instalacións de titularidade municipal destinados a estes fins.

O exercicio de tales competencias supón, entre outras obrigacións, a prestación do servizo de limpeza por parte desta Administración municipal dos centros nos que se realizan actividades administrativas, culturais, lúdicas, técnicas, de atención ao público e de calquera outra índole destinadas ao servizo á cidadanía. Non se recollen dependencias destinadas a uso deportivo nin a uso docente, que xa están incluídas en outros contratos dos departamentos de Deportes e Educación respectivamente, para evitar duplicidades e solapamentos.

O contrato que se propón xustifícase pois ante a insuficiencia, e falta de adecuación, dos medios propios con que conta o Concello de Vigo para cubrir satisfactoriamente as necesidades do seu obxecto. Por outra banda, a contratación externa é o medio habitualmente utilizado no mercado para cubrir este tipo de necesidades e o máis completo e eficaz para facer fronte as necesarias actividades de limpeza descritas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares.

IV. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

O contrato, polo seu obxecto, será de servizos, segundo o previsto no artigo 17 dá LCSP.

Tendo en conta o obxecto do contrato e o seu importe, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto, de tramitación ordinaria e múltiples criterios de adxudicación (Artigos 116 e 156 da LCSP).

Segundo o establecido no artigo 22.1 da LCSP o contrato está suxeito a regulación harmonizada.

Os códigos CPV do contrato, consonte co vocabulario común de contratos públicos aprobado polo Regulamento (CE) 2195/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, son os seguintes:

CPV:	90911200-8	Servizos de limpeza de edificios
CNAE:	81.2 Actividades de limpeza	81.21 Limpeza xeral de edificios



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 3 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

En resumo, trátase dun procedemento aberto e tramitación ordinaria suxeito a regulación harmonizada con código CPV: 90911200-8.

V. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

O actual marco normativo fixa que a duración dos contratos está determinado, en primeiro lugar, pola Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que no seu artigo 29 fixa o prazo dos contratos e a execución da prestación. Así, no punto 4 do dito artigo a duración máxima dos contratos fíxase en cinco anos, aínda que, excepcionalmente, "nos contratos de servizos pódese establecer un prazo máis longo cando o requira o período de recuperación dos investimentos relacionados directamente co contrato e estes non sexan susceptibles de ser empregados no resto da actividade produtiva do contratista".

Polo tanto e de conformidade co establecido no artigo 29 da LCSP, o prazo de execución establécese tendo en conta a natureza da prestación, as características do financiamento e a necesidade de someter a concorrência o mesmo. Fíxase para este contrato un prazo de execución de CATRO ANOS. Se a execución do contrato non se iniciase na data prevista (1 de novembro de 2024) este prazo reducirase, debendo rematar o contrato necesariamente o 31 de outubro de 2028, salvo a execución da prórroga.

En relación ás posibles prórrogas considérase oportuno recoller a posibilidade de prórroga deste contrato polo período de 1 ano. Neste ano as características do contrato permaneceran inalterables. No caso da aprobación da prórroga, a execución económica do contrato se rexerá polo importe determinado na memoria económica que forma parte deste expediente.

V.1.- Xustificación do prazo de execución e prórroga do contrato.

Tendo en conta o servizo a realizar polo adxudicatario, fíxase un prazo de execución suficiente para conseguir unha realización do servizo eficaz dado que nos próximos anos existirá unha continuidade nas necesidades. O prazo de execución do contrato ven determinado pola necesidade de darlle estabilidade aos servizos garantindo unha prestación dos mesmos dun xeito continuado.

A prórroga establécese para cubrir contingencias que imposibiliten unha nova adxudicación antes do fin do prazo contractual, o que suporía unha abrupta ruptura na continuidade do servizo.

VI. SOLVENCIA

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira, e de solvencia técnica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 4 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

A solvencia económica, financeira e técnica, regúlase nos artigos 74 e seguintes da LCSP.

VI.1.- Solvencia económica e financeira

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:

- **Declaración do volume anual de negocios.** Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, sexa cando menos, igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato que se licita.
- **Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa.**

VI.2.- Solvencia técnica e profesional

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:

- Unha **relación dos principais servizos ou traballos**, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

- Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa.

VI.3.- Xustificación da solvencia

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira, así como da técnica e profesional. Os requisitos solicitados na presente contratación, de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a achega da requirida solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración, así como a calidade do servizo.

Tendo en conta o elevado prezo do contrato óptase por esixir o 70 % da anualidade media do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 5 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

prezo do contrato coa finalidade de promover a concorrência.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 6 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

VII. CLASIFICACIÓN

Non se esixe clasificación de conformidade co disposto no artigo 77.1 b) da LCSP.

Así as cousas, posuirán a condición suficiente e acreditación alternativa e substitutiva da solvencia requirida para este contrato aqueles licitadores que acrediten a clasificación indicada neste apartado.

A teor do disposto nos artigos 37 e 38 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que establecen os grupos e subgrupos de clasificación dos contratistas de servizos e as categorías de clasificación segundo os importes e a duración estimada dos contratos de servizos, poderá acreditarse a solvencia coa clasificación nos grupos:

GRUPO U, SUBGRUPO 01, CATEGORÍA 5: SERVICIOS DE LIMPEZA EN XERAL

No suposto de acreditar a solvencia mediante a clasificación, o empresario deberá acompañar o certificado no que se recolla a clasificación apuntada dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias que constan no certificado non experimentaron variación ata a data de presentación da oferta.

VIII. CRITERIOS DE VALORACIÓN

De conformidade co establecido no artigo 145 LCSP para a valoración das proposicións e determinación da oferta economicamente mais vantaxosa, xunto co exposto na presente memoria, deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato.

VIII.1.- Determinación dos criterios

O carácter esencial dos criterios de valoración no desenvolvemento do procedemento de adjudicación dun contrato, de acordo co establecido no artigo 145 da LCSP, busca definir un proceso sustentado por criterios que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

En relación aos aspectos que deben identificar os criterios de valoración e tendo en conta as particularidades do presente expediente, considérase oportuno establecer unha fase de avaliación de criterios mediante xuízo de valor que teñan como obxectivo identificar de entre as ofertas presentadas, aquelas que xustifiquen un maior grao de coñecemento en relación á execución dos servizos e prestacións vinculados ao obxecto do contrato, así como os procesos de PLANIFICACIÓN, CONTROL e ORGANIZACIÓN dos servizos a prestar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 7 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

A finalidade do apartado de avaliación de criterios suxeitos a xuízo de valor é determinar un sistema de ponderación e a consecuente puntuación que identifique a MELLOR oferta en relación coa proposta de execución técnica.

Por todo o exposto, establécese a seguinte proposta de criterios, os cales terán a seguinte aplicación:

- En relación cos criterios avaliados por xuízo de valor, propónse unha asignación do **45%** da puntuación total.
- En relación cos criterios avaliados mediante fórmula, propónse unha asignación do **55%** da puntuación total.

Esta distribución establécese tendo en consideración a importancia que ten neste contrato o proxecto organizativo que denominaremos PLAN DE SERVICIOS, no que os licitadores deberán determinar os tratamentos de limpeza, as frecuencias e as cargas horarias de traballo para cada un dos inmobles así como tamén para as súas diferentes zonas ou dependencias e en cada período de tempo. En definitiva, trasladar todo o seu coñecemento técnico e de xestión deste tipo de servizos aplicado ao caso que estamos a licitar.

Para a determinación dos procesos de valoración das ofertas, de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP, determinarase a ponderación relativa a aplicar en cada un deles, sendo de aplicación, co obxecto dunha maior simplificación, a seguinte ponderación establecida en base 100:

$$P = \frac{A}{100} \cdot PV + \frac{B}{100} \cdot (B1 + B2)$$

Sendo:

- P: Puntuación total obtida da valoración da oferta.
- PV: Puntuación da avaliación dos criterios mediante xuízo de valor.
- B1, B2: Puntuación da avaliación dos criterios mediante fórmula.
- A: Ponderación dos puntos dos criterios mediante xuízo de valor (45)
- B: Ponderación dos puntos dos criterios mediante fórmula (55)

VIII.2.- Xustificación dos criterios

Os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados co obxecto do contrato, e as características e a natureza da prestación. No caso dos criterios avaliados mediante fórmula, estes son totalmente obxectivos. En xeral todos os criterios son ponderados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 8 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

buscando avaliar as propostas realizadas baixo o obxectivo da relación calidade/prezo de cada oferta. A selección farase de acordo co criterio de tentar sempre escoller a oferta máis vantaxosa no seu conxunto para a Administración.

O contrato que se licita para a limpeza das dependencias municipais e outras instalacións do Concello de Vigo, presenta unhas características polas que se require a achega dunha memoria técnica e organizativa por parte do licitador. Esta memoria debe definir con amplo detalle o que se denomina no PPTP como "PLAN DE SERVICIOS". Este Plan adquire unha significativa relevancia en relación coa capacidade organizativa e o desenvolvemento de procesos propios da empresa. Resulta de máximo interese para o Concello de Vigo que o licitador demostre un amplo coñecemento baseado na súa experiencia na execución deste tipo de servizos, e aposte claramente pola **innovación**, o **medio ambiente**, a **aplicación de novas tecnoloxías**, a **formación** dos seus traballadores, a calidade dos **medios técnicos** achegados, a mellora continua, etc.

Doutra banda, a incidencia dos aspectos económicos, nos que o custo de persoal sitúase na órbita do 90% do total dos custos do contrato, está limitada ao cumprimento obrigatorio das condicións laborais que dimanan do Convenio Colectivo de aplicación. Os custos para aplicar considéranse suficientemente taxados e envoltos nunha incerteza limitada.

Por conseguinte, para poder identificar a oferta máis vantaxosa, procederase a avaliar as propostas de acordo cos criterios que se definen a continuación, para determinar cal é a que presenta unha **mellor relación calidade/prezo**.

Como contrato suxeito a pluralidade de criterios, de acordo co artigo 145.3 g da LCSP, establécense os seguintes:

Criterios avaliados mediante xuízo de valor.

No presente documento quedan definidos os criterios suxeitos a xuízo de valor. Segundo os artigos 145 e 146 relativos aos criterios de valoración das ofertas, no caso de procedementos abertos nos que a ponderación dos criterios suxeitos a xuízo de valor non sexa superior aos avaliados mediante fórmula como é este caso, non se fai necesario o nomeamento dun Comité de Expertos.

Criterio avaliado mediante fórmulas.

Ao igual que no caso dos criterios suxeitos a xuízo de valor, no presente documento preséntanse tamén varios criterios que son susceptibles de ser cualificados mediante formulación matemática polo Órgano de Contratación.

A elección destes criterios xustifícase en que foron establecidos para, ademais de buscar en todo momento a mellor relación calidade/prezo, buscar tamén a mellor relación custo/eficacia. Formúlanse ademais con pleno respecto aos principios de **igualdade**, **non discriminación**,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 9 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

transparencia e proporcionalidade, e van acompañados de especificacións que permiten avaliar as ofertas segundo os criterios de adxudicación determinados.

Ademais e para unha correcta avaliación das ofertas e para que a oferta garanta o cumprimento do contrato, establécense uns **factores de corrección** a estes criterios.

Procede indicar que as fórmula da valoración dos criterios avaliábeis son formalmente as mesmas, pero cambian os coeficientes numéricos para adaptalas aos importes que se están avaliando tanto na parte fixa do contrato como na parte variable, que teñen ordes de magnitude moi diferentes.

VIII.3.- Calidade técnica das ofertas

Como foi exposto anteriormente, os servizos obxecto deste contrato requiren dunha especialización nos procesos organizativos das prestacións que determina unha incidencia moi importante na configuración dos mesmos, por iso esta especialización requirida ven a xustificar adecuadamente a importancia dada aos criterios suxeitos a xuízo de valor, tanto cuantitativamente (establecendo unha ponderación do 45% sobre o total dos puntos de valoración), como na necesidade do **establecemento dun limiar técnico mínimo**, que garanta a calidade necesaria das propostas presentadas.

A proposta de criterios suxeitos a xuízo de valor que se indica neste documento, establece a ponderación que debe atribuírse a cada un dos aspectos ou sub-aspectos que serán obxecto de valoración dentro dos criterios establecidos. Describe esta proposta unha enumeración detallada dos criterios de adxudicación e da ponderación asignada aos mesmos.

Estímase que a descrición contida en cada un dos criterios propostos resulta sen dúbida suficiente para cumprir coas esixencias do PPTP, e a este documento se refíren en cada caso.

No momento de valoración das ofertas será motivada adecuadamente a puntuación outorgada a cada licitador conforme ao sinalado no PPTP, sen introducir novos aspectos que non estivesen especificados previamente.

En consecuencia, resultará da avaliación técnica o seguinte:

- **Ofertas con calidade técnica inadecuada.** Serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios suxeitos a xuízo de valor inferior a un 50% da puntuación máxima da totalidade dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.
- **Ofertas con calidade técnica suficiente:** Serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación nos criterios suxeitos a xuízo de valor igual ou superior ao 50% da puntuación máxima da totalidade dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 10 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

Para a aplicación da puntuación necesaria para superar o limiar mínimo establecido, **non se terá en conta nesta fase os descontos de puntuación** por incumprimento dos requisitos de presentación dixital das memorias.

Polo anterior, aquelas ofertas situadas no grupo de calidade técnica INADECUADA serán EXCLUÍDAS do proceso de licitación.

VIII.4.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

Os criterios avaliados mediante xuízo de valor serán analizados a través da información contida na memoria técnica que desenvolva o “PLAN DE SERVICIOS” que cada licitador presente coa súa oferta. Este documento incluír a descrición detallada da proposta para o desenvolvemento das prestacións obxecto do contrato e seguirá as directrices contidas nas Cláusulas 6.1, 6.2 e 10.1 do PPTP.

A avaliación da memoria técnica terá unha **puntuación máxima de 45 puntos**, de acordo coa seguinte distribución que se fai en base 100:

- PV1: análise do servizo e organización xeral, valorado con ata 24 puntos
- PV2: plan de servizos de limpeza habituais ou ordinarias, valorado con ata 34 puntos
- PV3: plan de servizos de limpeza programadas e extraordinarias, valorado con ata 11 puntos
- PV4: procedementos de control de calidade, valorado con ata 14 puntos
- PV5: programa de supervisión e control interno do plan de servizos, valorado con ata 17 puntos

"PV= PV1 + PV2 + PV3 + PV4 + PV5= 100 PUNTOS e un coeficiente de ponderación "A= 45".

A.- Xustificación dos criterios.

A cláusula 2.10 do PPTP indica que cada licitador na súa oferta presentará o seu propio plan de servizos que constituirá a súa proposta técnica. O “PLAN DE SERVICIOS” polo tanto debe entenderse como aquel documento contractual básico que, á vista dos condicionantes e alcance dos servizos obxecto deste contrato, presenta o licitador no marco da proposición técnica. A súa valoración é crucial para determinar a oferta que presente a mellor proposta de xestión da limpeza das dependencias municipais. A proposta incluír ademais outras cuestións como a análise do servizo e a organización xeral, o plan de formación recollido na cláusula 8.5, o plan de seguridade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 11 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

e saúde da cláusula 8.6, o plan medioambiental e de consumo de auga das cláusulas 1.4 e 6.4 respectivamente, os procedementos de control de calidade indicados no título III, a ferramenta informática recollida no capítulo 9, etc. Toda esta información constituirá a memoria técnica que cada licitador presente na súa oferta e que servirá para a valoración da mesma. A información debe presentarse estruturada conforme aos apartados PV1 a PV5 indicados.

O contido do Plan de servizos deberá axustarse ao indicado no capítulo 6 do PPTP. A súa avaliación proporcionará ao órgano de contratación a información necesaria para coñecer con detalle o alcance e as condicións nas que o licitador desenvolvera o proxecto de xestión dos servizos que propoña realizar, así como os medios empregados e a coherencia destes coas tarefas ás que van destinados.

Neste sentido, o documento técnico que sustente o PLAN DE SERVIZOS, que demostre un maior grao de coñecemento dos condicionantes específicas para a xestión destes servizos, así como unha definición máis clara e detallada, máis coherente cos procesos derivados da súa execución e implantación, será un garante para determinar entre outros aspectos, se a oferta presentada é acorde coa realidade e necesidades da execución, e se é posible desenvolvela coa calidade requirida para a prestación que se licita. É por isto que este apartado é o de maior valor na puntuación.

B.- Valoración dos criterios.

Para a valoración dos criterios terase en conta o desenvolvemento técnico e a calidade dos diferentes apartados nos que en cumprimento das obrigas para a execución do contrato propoña cada licitador realizar as prestacións. A memoria debera demostrar coñecemento suficiente e específico para cada un dos servizos a prestar, das peculiaridades do ámbito de actuación nas dependencias municipais, dos procesos de execución, así como debera recoller unha identificación detallada, coherente e planificada tanto temporal como espacial, de todos os procesos necesarios para a execución dos servizos. O documento debera axustarse a realidade e necesidades concretas en relación cos espazos e os medios necesarios para a prestación dos servizos que se licitan.

Así mesmo, o desenvolvemento dos distintos apartados a valorar deberá ter unha correspondencia adecuada coa propia oferta económica que desenvolva o licitador no sobre "C". Para elo, cada un dos apartados da memoria técnica deberá desenvolver nos seus contidos unha xustificación detallada, co maior grao de detalle que considere o licitador, sobre os aspectos que possibiliten identificar o nivel de concordancia dos contidos da oferta técnica coa oferta económica. **Cada licitador deberá indicar cando menos, que apartado ou apartados do "MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA", que desenvolvera no sobre "C", contén o sustento económico que dará cobertura ao descrito nos apartados da oferta no sobre "B".**

Tamén deberá indicar na memoria técnica todos aqueles matices que considere oportunos para que dende un punto de vista técnico se poida comprender a concordancia co alcance económico



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 12 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

que xustificara no sobre “C” e que se coñecera con posterioridade á valoración técnica. Este “oferta detallada” debera dar cobertura aos condicionantes técnicos propostos, detallando e xustificando todos os custos económicos que axuden a comprobar a concordancia entre a oferta técnica e a económica. As referencias deberan ser unicamente de carácter organizativo simbólico ou técnico, **e deberan omitir toda indicación específica sobre os custos, ou calquera outro dato económico que permita coñecer importes antes da apertura do sobre “C”.**

(PV1) ANÁLISE DO SERVIZO E ORGANIZACIÓN XERAL PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO: Valorarase ata un valor máximo de **PV1= 24 puntos en base 100.**

Neste apartado o licitador describira polo miúdo a súa proposta de execución do servizo realizando unha descrición detallada da **Organización Xeral proposta** no ámbito da súa estrutura. Terá en conta as diferentes dependencias obxecto deste contrato, así como os medios humanos e materiais necesarios para a prestación requirida. Deberá desenvolver a coordinación, control e demais actividades de apoio aos servizos, indicando as funcións concretas de cada posto e establecendo a distribución xerárquica, e organizativa que facilite a xestión do contrato.

Para iso deberá incluír todos aqueles aspectos e obxectivos de mellora que determinarán **a forma na que o licitador disporá os seus recursos** para o desenvolvemento do servizo, tanto para a execución operativa directa, como a súa estrutura de apoio. Describirá os contidos xerais do plan de servizos segundo o indicado na cláusula 6.2 do PPTP.

Deberá tamén reflectir co máximo detalle, o mecanismo que utilizará para facer fronte á substitución das vacacións e o absentismo do persoal. Deberá propoñerse un **plan anual de formación** concreto e específico para os traballadores do contrato, no que se detalle horas de formación, materias a impartir etc. Deberá indicar a súa proposta sobre as obrigas medioambientais e o consumo de auga.

Fixará as funcións de cada nivel, os seus labores, os procesos de comunicación e distribución de responsabilidades. Incluirá os currículum que se esixen no prego técnico, o prazo para actualización do plan de servizos e aqueloutras cuestións que se requiren no PPTP.

Este apartado indicará que vai facer a empresa pero non detallará como o vai facer, quedando este detalle para o seguinte apartado. En concreto, e con referencia directa ao PPTP, este apartado da oferta xustificará cando menos os aspectos organizativos e operativos correspondentes ás seguintes cláusulas:

- Clausura 1.1 e cláusula 6.4 sobre as obrigas ambientais e as medidas propostas para reducir os impactos.
- Clausura 2.10 sobre a estrutura de persoal e os CV. Prazo de actualización do plan de servizos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/08/2024 09:31

Páxina 13 de 54

8173-252

CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

- Cláusula 4.4 sobre a proposta de sistemas de acceso a zonas con cristais en altura, detallando as medidas de seguridade que propoña para estes traballos.
- Cláusula 5.3.1 sobre a descrición dos colectores hixiénicos.
- Cláusula 5.3.2 sobre a proposta de destrución documental certificada.
- Cláusula 5.3.3 sobre a descrición dos cinceiros exteriores.
- cláusula 5.4 sobre suxestións e outras accións que melloren os servizos excepcionais do contrato.
- Cláusula 6.1 sobre a proposta de presentación dos sucesivos plans de servizos.
- cláusula 6.6 sobre os acordos de colaboración ou compromisos de subcontatación das tarefas que non realice polos seus propios medios.
- Cláusula 7.1 sobre a descrición do vestiario do persoal (cláusula 8.2 sobre o modelo de cartón identificador), e sobre as fichas coas características do material a empregar nas tarefas de limpeza e control do servizo. Tamén sobre os produtos de limpeza e desinfección.
- Cláusula 7.2 sobre o modelo de secadores eléctricos de mans.
- Cláusula 7.3 sobre o modelo de dispensadores de papel para secar as mans.
- Cláusula 7.4 sobre o modelo de dispensadores de toallas individuais.
- Cláusula 7.5 sobre o modelo de dispensadores de papel hixiénico.
- Cláusula 7.6 sobre o modelo de dosificadores de xabón.
- Cláusula 7.7 sobre o modelo de papeleiras de oficina e contedores de lixo.
- Cláusula 7.8 sobre as fichas dos consumibles.
- Cláusula 7.10 sobre a proposta de instalacións e comunicacións.
- Cláusula 8.1 sobre o organigrama funcional.
- Cláusula 8.5 sobre o plan de formación do persoal.
- Cláusula 8.6 sobre o plan de seguridade e saúde laboral.

Este apartado a valorar deberá ter unha adecuada concordancia coa propia oferta económica que desenvolva o licitador no sobre "C". Para elo a proposta deberá incluír unha xustificación detallada, co maior gao de detalle que considere o licitador, sobre os aspectos que possibiliten identificar o nivel de correspondencia dos contidos da oferta técnica coa oferta económica. As



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 14 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

referencias ao modelo de proposición económica do sobre “C” deberán ser unicamente de carácter organizativo ou técnico, e deberán omitir toda indicación específica sobre os custes, ou calquera outro dato económico que permita coñecer importes antes da apertura do sobre “C”, pois a revelación de datos do sobre C será causa de exclusión.

A valoración deste apartado realizarase tendo en conta os seguintes aspectos:

1. Descrición da organización xeral do traballo coas funcións concretas de cada posto tendo en conta as dependencias obxecto do contrato. As funcións de cada nivel, labores, procesos de comunicación interna e distribución de responsabilidades. Organigrama.
2. Plan de formación e plan de seguridade e saúde laboral. Plan de substitucións das vacacións e absentismo.
3. Plan medioambiental e medidas de redución do impacto do contrato.
4. Descrición dos factores que condicionan as prestacións e as solucións propostas para unha óptima execución tendo en conta os medios humanos e materiais necesarios. O plan de servizos e a súa actualización.
5. O alcance dos servizos de apoio á organización local que o licitador prevea para o desenvolvemento do contrato. Canles de comunicación cos usuarios das instalacións e co responsable municipal do contrato. A proposta de coordinación, control e demais actividades de apoio aos servizos.
6. Características dos bens inmoables, da maquinaria e dos equipos que propoña adicar ao contrato. Calidade das pezas de vestiario propostas. Características dos modelos que propoña sobre secadores, dispensadores, dosificadores, papeleiras e consumibles.
7. O grao de detalle e claridade das referencias para identificar a concordancia da oferta técnica coa oferta económica.

A valoración deste apartado emitirase sobre o resultado global presentado no documento, sen establecerse puntuacións parciais por cada un dos aspectos que se describen para a súa valoración. Á hora de puntuar non existe distribución nin equitativa nin asimétrica de un dos aspectos respecto dos demais. Realizarase polo tanto unha cualificación técnica total sobre o conxunto dos aspectos recollidos neste apartado.

Coa avaliación dos aspectos descritos, procederase á asignación da puntuación do apartado, para o cal se outorgará a mellor puntuación (que non necesariamente é a máxima puntuación que permite o apartado) á memoria que se considere que recolle con maior grao de detalle, coherencia e coñecemento da problemática, os aspectos que se describan para este apartado, e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoas coa da oferta de mellor puntuación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 15 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

(PV2) PLAN DE SERVIZOS DE LIMPEZAS HABITUAIS OU ORDINARIAS: Valorarase ata un valor máximo de **PV2= 34 puntos en base 100.**

Neste apartado cada licitador describirá as solucións propostas para o cumprimento dos requisitos esixidos para cada unha das instalacións obxecto do contrato. Indicará o tipo e número de maquinaria e equipos empregados nas tarefas de limpeza habituais ou ordinarias para cada centro. Solucións para as partes de difícil acceso, zonas húmidas, zonas exteriores que afectan á limpeza interior, uso de medios específicos para traballos concretos, etc.

Detallará a programación das actividades do persoal que deberá **asignar para cada centro, grupos de centros ou como cada licitador o considere oportuno**, tendo en conta que **en ningún caso poderanse programar e distribuír na totalidade do contrato menos do 95% das horas recollidas no PPT como estimadas para as limpeza habituais ou ordinarias**. Tal como indica a cláusula 6.3, en caso de ofertar un número de horas superior ao 5% das indicadas, deberá xustificalo detalladamente neste apartado.

En relación cos materiais e produtos de limpeza, deberá considerar na ficha correspondente a cada centro a obriga recollida na cláusula 7.1 do PPTP, destinando a cada centro os materiais e produtos que estime necesarios segundo as particularidades de cada un, a súa tipoloxía e uso do centro. Detallará tamén a oferta a relación dos materiais consumibles por centro e a estimación dos consumos.

Tal como se indica na cláusula 6.2, os licitadores deberán incluír obrigatoriamente unha ficha individual por centro que presentará de forma esquemática os datos máis relevantes da instalación e a súa posible casuística e trazos diferenciais, a descrición das tarefas para realizar, equipos de traballo, composición de cada equipo, medios, frecuencias, horarios propostos, prestacións mínimas a garantir e carga horaria diaria/semanal/anual mínima das limpeza habituais e ordinarias. **Trátase de considerar cada centro coma se fora un proxecto individual.**

Este apartado indicará como vai executar a empresa o que describiu no apartado anterior sobre as limpeza habituais ou ordinarias. En concreto, e con referencia directa ao PPTP, este apartado da oferta xustificará cando menos os aspectos das limpeza habituais ou ordinarias correspondentes ás seguintes cláusulas:

- Cláusula 2.1 sobre a identificación de necesidades.
- Cláusula 2.3 sobre o ámbito funcional do servizo.
- Cláusula 2.4 e 2.5 sobre limpeza habituais ou ordinarias.
- Clausura 2.10 sobre o plan de servizos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 16 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

- Cláusula 3.2 sobre a caracterización das zonas de traballo.
- Cláusula 4.1 e 4.2 sobre frecuencias de tratamentos de limpeza (A, B, C).
- Cláusula 5.2 sobre superficies a limpar.
- Cláusula 5.6 sobre residuos.
- Cláusula 6.3 e 8.4 sobre horas e horarios de prestación do servizo.
- Cláusula 7.1 sobre o deber de dotar a cada dependencia de certos materiais e produtos.

Este apartado a valorar deberá ter unha adecuada concordancia coa propia oferta económica que desenvolva o licitador no sobre "C". Para elo a proposta deberá incluír unha xustificación detallada, co maior gao de detalle que considere o licitador, sobre os aspectos que posibiliten identificar o nivel de correspondencia dos contidos da oferta técnica coa oferta económica. As referencias ao modelo de proposición económica do sobre "C" deberán ser unicamente de carácter organizativo ou técnico, e deberán omitir toda indicación específica sobre os custes, ou calquera outro dato económico que permita coñecer importes antes da apertura do sobre "C", pois a revelación de datos do sobre C será causa de exclusión.

A valoración deste apartado realizarase tendo en conta os seguintes aspectos:

1. A calidade e grao de detalle das fichas individualizadas por centro.
2. As solucións propostas para o cumprimento dos requisitos esixidos en cada instalación.
3. A asignación do persoal por centro ou grupo de centros.
4. O grao de detalle e claridade das referencias para identificar a concordancia da oferta técnica coa oferta económica.

A valoración deste apartado emitirase sobre o resultado global presentado no documento, sen establecerse puntuacións parciais por cada un dos aspectos que se describen para a súa valoración. Á hora de puntuar non existe distribución nin equitativa nin asimétrica de un dos aspectos respecto dos demais. Realizarase polo tanto unha cualificación técnica total sobre o conxunto dos aspectos recollidos neste apartado.

Coa avaliación dos aspectos descritos, procederase á asignación da puntuación do apartado, para o cal se outorgará a mellor puntuación (que non necesariamente é a máxima puntuación que permite o apartado) á memoria que se considere que recolle con maior grao de detalle, coherencia e coñecemento da problemática, os aspectos que se describan para este apartado, e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoas coa da oferta de mellor puntuación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 17 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

(PV3) PLAN DE SERVIZOS DE LIMPEZAS PROGRAMADAS E EXTRAORDINARIAS:
Valorarase ata un valor máximo de **PV3= 11 puntos en base 100.**

Conforme ao indicado na cláusula 2.3 do PPTP sobre o ámbito funcional do contrato, as diferentes tarefas a prestar divídense segundo a frecuencia e orixe das necesidades. Así existen tarefas que complementan ás habituais que se denominan programadas ou de execución periódica.

Neste apartado cada licitador detallará as solucións propostas para o cumprimento dos requisitos esixidos na limpeza das instalacións obxecto do contrato para o caso das limpezas de frecuencia non habitual ou diaria. Referirase este apartado da memoria que se presente á organización dos equipos de traballo destinados a limpeza de cristais, patios, abrillantado de chans, limpeza de teitos, luminarias, etc. É dicir, as tarefas que non son realizadas polas persoas que prestan o seu servizo de forma habitual en cada centro.

Trátase por tanto, de definir un programa específico de traballo para o persoal que executará as limpezas programadas e que poderá estar asignado a centros concretos ou compartido entre todos os centros. Este programa referirase a días da semana (que tarefa realizan estes recursos cada día), e será distinto do incluído na ficha de cada centro no apartado anterior. O licitador deberá comprometerse e indicar de forma esquemática os equipos humanos e maquinaria que propón empregar para estas tarefas complementarias, de execución periódica ou programadas.

Tal como indica a cláusula 6.3 do PPTP, a programación do persoal de execución directa non poderá representar un número de horas anuais inferior ao 95% do número de horas para servizos programados indicado no PPT (pode incrementarse, pero non diminuírse do 95%).

En canto ás limpezas extraordinarias, este apartado recollerá as solucións propostas para o cumprimento dos requisitos esixidos para as instalacións obxecto do contrato referidas a aquelas actuacións obrigadas, pero de difícil programación, como eventos, manchas por excrementos de paxaros, po excesivo por obras próximas, inundacións, eleccións, obras realizadas no propio centro, etc. Indicará o tipo e número de maquinaria e equipos empregados nas tarefas de limpeza no marco dunha actuación tipo "preprogramada" e de rápida e fácil activación en canto xurda a emerxencia.

Este apartado indicará como vai executar a empresa o que describiu no primeiro apartado sobre as limpezas programadas e extraordinarias. En concreto, e con referencia directa ao PPTP, este apartado da oferta xustificará cando menos os aspectos das limpezas programadas e extraordinarias correspondentes ás seguintes cláusulas:

- Cláusula 2.1 sobre a identificación de necesidades.
- Cláusula 2.3 sobre o ámbito funcional do servizo.
- Cláusula 2.6 sobre limpezas programadas ou de execución periódica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 18 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

- Cláusula 2.7 sobre limpeza extraordinarias.
- Cláusula 3.2 sobre a caracterización das zonas de traballo.
- Cláusula 4.1 e 4.2 sobre frecuencias de tratamentos de limpeza (A, B, C).
- Cláusula 4.4 sobre limpeza de cristais.
- Cláusula 5.2 sobre superficies a limpar.
- Cláusula 6.3 e 8.4 sobre horas e horarios de prestación do servizo.

Este apartado a valorar deberá ter unha adecuada concordancia coa propia oferta económica que desenvolva o licitador no sobre "C". Para elo a proposta deberá incluír unha xustificación detallada, co maior gao de detalle que considere o licitador, sobre os aspectos que posibiliten identificar o nivel de correspondencia dos contidos da oferta técnica coa oferta económica. As referencias ao modelo de proposición económica do sobre "C" deberán ser unicamente de carácter organizativo ou técnico, e deberán omitir toda indicación específica sobre os custes, ou calquera outro dato económico que permita coñecer importes antes da apertura do sobre "C", pois a revelación de datos do sobre C será causa de exclusión.

A valoración deste apartado realizarase tendo en conta os seguintes aspectos:

1. As solucións propostas para o cumprimento dos requisitos esixidos en cada instalación para as limpeza programadas.
2. As solucións propostas para o cumprimento dos requisitos esixidos en cada instalación para as limpeza extraordinarias.
3. A calidade do programa que asigne ao persoal por centro ou grupo de centros, para executar estas tarefas.
4. O grao de detalle e claridade das referencias para identificar a concordancia da oferta técnica coa oferta económica.

A valoración deste apartado emitirase sobre o resultado global presentado no documento, sen establecerse puntuacións parciais por cada un dos aspectos que se describen para a súa valoración. Á hora de puntuar non existe distribución nin equitativa nin asimétrica de un dos aspectos respecto dos demais. Realizarase polo tanto unha cualificación técnica total sobre o conxunto dos aspectos recollidos neste apartado.

Coa avaliación dos aspectos descritos, procederase á asignación da puntuación do apartado, para o cal se outorgará a mellor puntuación (que non necesariamente é a máxima puntuación que permite o apartado) á memoria que se considere que recolle con maior grao de detalle, coherencia e coñecemento da problemática, os aspectos que se describan para este apartado, e puntuando



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 19 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoas coa da oferta de mellor puntuación.

(PV4) PROCEDEMENTOS DE CONTROL DE CALIDADE: Valorarase ata un valor máximo de **PV4= 14 puntos en base 100.**

Conforme ao indicado no Título III do PPTP, o contratista debe establecer un plan de control de calidade para o contrato. A oferta describirá neste apartado a súa proposta de sistema de calidade. Indicará os procesos de control e de xestión que lle permitan acadar os niveis esixidos no PPTP. Indicará o seu plan de execución para conseguir unha xestión eficiente e de calidade do contrato, especificando os tempos de implantación e as revisións que estime ao longo do prazo do contrato. Especificará tamén o encaixe coa plataforma informática de xestión do contrato e os seus procesos específicos, xunto cos recursos implicados para a posta en marcha deste plan.

Detallará todas as medidas a adoptar para garantir a calidade nos servizos, en especial a referida no prego técnico sobre as enquisas que permitan obter a opinión respecto dos servizos prestados. Esta información debe incluír a referencia á fiabilidade coa que a empresa se compromete a presentar os resultados.

O licitador deberá propoñer un **mecanismo de control da calidade do servizo adaptado á actividade a desenvolver**. O Control de Calidade, entendido como control e seguimento dos servizos comprometidos, tanto derivados da obrigación dos pregos como da memoria técnica ofertada, contemplará uns obxectivos e calidade a alcanzar que determinarán o grao aceptable para cada unha das actividades analizadas.

Entre outros aspectos, o plan de control de calidade deberá medir:

- Cumprimento das cargas de traballo dos operarios contratados para a execución do contrato, definidas no Plan de Servizos.
- Control dos indicadores de calidade definidos. Deberá indicar os **niveis de calidade que fixa como obxectivos indicando como os vai medir**. Deberá indicar que plans de contingencia ou mellora pretende aplicar no caso de que os resultados das medicións non alcancen os niveis de calidade marcados como obxectivos.
- Cumprimento das normas de uniformidade do persoal e o grao de respecto ás normas previamente fixadas.
- Cumprimento da lexislación vixente, de aplicación en relación cos servizos obxecto do contrato (protección de datos, seguridade e saúde laboral, lexislación laboral).
- Realización das inspeccións aos centros correspondentes. É dicir, como vai realizar e con que medios e frecuencia as inspeccións aos centros para medir os indicadores. Enquisas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 20 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

- Capacidade de resposta ante emerxencias.
- Axilidade nas substitucións do persoal. Flexibilidade na xestión do persoal para asignación de traballos non previstos.
- Grao de adaptación ás necesidades de cada centro.
- Calquera outra cuestión susceptible de control que o licitador estime relevante.

Non serán adecuados **aqueles plans de control de calidade xenéricos ou derivados de protocolos de funcionamento interno das empresas** ou calquera certificación da calidade da que poida dispoñer.

En concreto, e con referencia directa ao PPTP, este apartado da oferta xustificará cando menos os aspectos sobre a calidade correspondentes ás seguintes cláusulas:

- Cláusula 4.3 sobre a calidade no resultado do traballo de limpeza.
- Cláusula 6.4 sobre o plan de calidade proposto no plan de servizos.
- Cláusula 9.3 sobre o módulo de control de calidade na ferramenta informática de xestión do contrato.
- Capítulo 11 sobre o plan de control de calidade no contrato.

Este apartado a valorar deberá ter unha adecuada concordancia coa propia oferta económica que desenvolva o licitador no sobre "C". Para elo a proposta deberá incluír unha xustificación detallada, co maior gao de detalle que considere o licitador, sobre os aspectos que posibiliten identificar o nivel de correspondencia dos contidos da oferta técnica coa oferta económica. As referencias ao modelo de proposición económica do sobre "C" deberán ser unicamente de carácter organizativo ou técnico, e deberán omitir toda indicación específica sobre os custes, ou calquera outro dato económico que permita coñecer importes antes da apertura do sobre "C", pois a revelación de datos do sobre C será causa de exclusión.

A valoración deste apartado realizarase tendo en conta os seguintes aspectos:

1. Valorarase a adecuación do mecanismo de control de calidade do servizo ás necesidades do contrato. Modelo de enquisa. Tempos de implantación, revisión e actualización.
2. Valorarase o establecemento de mecanismos de control de presenza nos diferentes centros e a mellor adecuación destes aos obxectivos propostos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 21 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

3. Valorarase como o licitador propón medir o nivel de calidade e que plans de continxencia ou mellora pretende aplicar no caso de que os resultados das medicións non alcancen os niveis de calidade marcados como obxectivos.
4. O grao de detalle e claridade das referencias para identificar a concordancia da oferta técnica coa oferta económica.

A valoración deste apartado emitirase sobre o resultado global presentado no documento, sen establecerse puntuacións parciais por cada un dos aspectos que se describen para a súa valoración. Á hora de puntuar non existe distribución nin equitativa nin asimétrica de un dos aspectos respecto dos demais. Realizarase polo tanto unha cualificación técnica total sobre o conxunto dos aspectos recollidos neste apartado.

Coa avaliación dos aspectos descritos, procederase á asignación da puntuación do apartado, para o cal se outorgará a mellor puntuación (que non necesariamente é a máxima puntuación que permite o apartado) á memoria que se considere que recolle con maior grao de detalle, coherencia e coñecemento da problemática, os aspectos que se describan para este apartado, e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoas coa da oferta de mellor puntuación.

(PV5) PROGRAMA DE SUPERVISIÓN E CONTROL INTERNO DO PLAN DE SERVICIOS:
 Valorarase ata un valor máximo de **PV5= 17 puntos en base 100.**

Conforme ao indicado no capítulo 9 do PPTP, a mellor ferramenta informática para o control operativo do servizo será aquela que permita obter a maior cantidade de información posible ao Concello, coa maior facilidade de uso, menor consumo de recursos e cun deseño de informes e análise adecuada, para coñecer en todo momento o estado da prestación e as posibilidades de mellora.

O licitador neste apartado deberá describir co maior grao de detalle posible, a ferramenta informática que propoña para acadar este obxectivo. Ferramenta que permitirá controlar o plan de servizos vixente en cada momento do contrato, de acordo coas obrigas indicadas no PPTP. En especial deberá permitir controlar a calidade da prestación.

Outro factor importante é o das comunicacións tanto interno como co persoal municipal. A oferta describirá o sistema proposto.

En concreto, e con referencia directa ao PPTP, este apartado da oferta xustificará cando menos os aspectos sobre a ferramenta informática e o sistema de comunicacións correspondentes ás seguintes cláusulas:

- Cláusula 6.1 sobre a integración do plan de servizos na ferramenta de xestión informática.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 22 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

- Cláusula 6.5 sobre a actualización da información facilitada ao Concello.
- Cláusula 7.10 sobre o sistema de comunicacións e a conexión co Concello.
- Cláusula 8.1 sobre o sistema de control de presenza.
- Capítulo 9 sobre a ferramenta informática de xestión do contrato.

Este apartado a valorar deberá ter unha adecuada concordancia coa propia oferta económica que desenvolva o licitador no sobre "C". Para elo a proposta deberá incluír unha xustificación detallada, co maior gao de detalle que considere o licitador, sobre os aspectos que posibiliten identificar o nivel de correspondencia dos contidos da oferta técnica coa oferta económica. As referencias ao modelo de proposición económica do sobre "C" deberán ser unicamente de carácter organizativo ou técnico, e deberán omitir toda indicación específica sobre os custes, ou calquera outro dato económico que permita coñecer importes antes da apertura do sobre "C", pois a revelación de datos do sobre C será causa de exclusión.

A valoración deste apartado realizarase tendo en conta os seguintes aspectos:

1. A adecuación e idoneidade do programa de supervisión e control proposto.
2. A adecuación e idoneidade dos sistemas de comunicación propostos.
3. O grao de detalle e claridade das referencias para identificar a concordancia da oferta técnica coa oferta económica.

A valoración deste apartado emitirase sobre o resultado global presentado no documento, sen establecerse puntuacións parciais por cada un dos aspectos que se describen para a súa valoración. Á hora de puntuar non existe distribución nin equitativa nin asimétrica de un dos aspectos respecto dos demais. Realizarase polo tanto unha cualificación técnica total sobre o conxunto dos aspectos recollidos neste apartado.

Coa avaliación dos aspectos descritos, procederase á asignación da puntuación do apartado, para o cal se outorgará a mellor puntuación (que non necesariamente é a máxima puntuación que permite o apartado) á memoria que se considere que recolle con maior grao de detalle, coherencia e coñecemento da problemática, os aspectos que se describan para este apartado, e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoas coa da oferta de mellor puntuación.

VIII.5.- Requisitos de presentación da proposta técnica

O documento técnico que describa o "PLAN DE SERVICIOS" presentarase en **cinco (5) arquivos** dixitais distintos complementados por un **un (1) arquivo de fichas**. Estes documentos están



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 23 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

limitados na súa extensión en número de follas e na cantidade de información medida en Megabytes. As limitacións para cada un deles indícanse de seguido:

- O apartado **PV1** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de noventa e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de catro Megabytes (**29 caras, 4MB**).
- O apartado **PV2** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de corenta e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de catro Megabytes (**29 caras, 4MB**), que deberá estar complementado por un arquivo de fichas cunha extensión máxima de cen follas en formato DIN A4 por unha cara e cunha cantidade de información máxima de cinco Megabytes (**100 caras DIN A4, 5MB**).
- O apartado **PV3** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de vinte e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de tres Megabytes (**19 caras, 3MB**).
- O apartado **PV4** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de vinte e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de tres Megabytes (**19 caras, 3MB**).
- O apartado **PV5** presentarase nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de trinta e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de tres Megabytes (**19 caras, 3MB**).

A denominación dos arquivos da memoria debera estar conformada coa seguinte nomenclatura:

“nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)”, guión baixo “sobreB”, guión baixo “identificación do apartado ou sub-apartado que corresponda sen puntos (PV1, PV2, ..., PV5)”.

Exemplo: “empresaXXX_sobreB_PV2”

A denominación do arquivo complementario no apartado PV2 será idéntica á do arquivo ao que complementa, engadindo ao final, separada con guión medio, a palabra “anexo”.

Exemplo: “empresaXXX_sobreB_PV2-anexo”

Os documentos da memoria poderán introducir gráficos, debuxos ou fotografías que complementen o contido escrito, incluso planos sobre a cartografía municipal ou capturas de pantalla. En canto á limitación na extensión de follas para o computo das mesmas teranse en conta todas as que compoñan cada arquivo, incluíndo portadas, índices, separadores, carátulas, gráficos, e calquera outra información incorporada no arquivo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 24 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

VIII.6.- Regras de valoración

Realizarase do seguinte xeito e por esta orde:

- Avaliación técnica de cada apartado.** A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando o contido da documentación a avaliar conteña aspectos contraditorios internos, ou contraditorios en relación co obxecto do contrato, ou non recolla ningunha achega a maiores das establecidas no propio PPTP que define as obrigas para a execución das prestacións do contrato.
- Suma da puntuación de cada apartado para obter a puntuación total** (PV= PV1 + PV2 + PV3 + PV4 + PV5). A máxima puntuación son 100 puntos.
- Determinar se acada ou non o limiar mínimo de puntuación.** Serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada.

Aclárase expresamente que a puntuación total para determinar se unha oferta supera o limiar da calidade técnica é neste momento, antes de aplicar os descontos.

- Aplicación dos descontos que procedan.** Cando a documentación presentada para un apartado non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, ou número de páxinas máximas, ou tamaño de páxinas ou número de arquivos máximos, procederase a súa valoración técnica, pero descontarase o 20% da puntuación asignada ao citado apartado.

VIII.7.- Referencias ao modelo de proposición económica detallada

As referencias ao modelo de proposición económica nos apartados do "PLAN DE SERVICIOS", deberán ser unicamente de carácter organizativo ou técnico, e **deberán omitir toda indicación específica sobre os custes, ou calquera outro dato económico que permita coñecer importes antes da apertura do sobre "C", pois a revelación de datos do sobre C será causa de exclusión.**

VIII.8.- Criterios avaliados a través de fórmula

A.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA DETALLADA

A proposición da oferta económica presentarase conforme ao modelo determinado polo PCAP, e será obrigatorio a presentación dun modelo de proposición económica detallado que xustifique



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 25 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

adecuadamente o importe ofertado polo licitador na súa oferta, para o cal se atenderá ao modelo que se anexa nesta memoria.

A xustificación económica en formato “oferta detallada” do prezo ofertado para o contrato ten por obxecto:

- Coñecer o custo anual real do contrato en relación cos diversos conceptos da xestión dos servizos obxecto do contrato.
- Coñecer os custos directos, indirectos e de estrutura de cada un dos servizos que integran a prestación final, así como o beneficio industrial aplicado polo licitador.
- Homoxeneizar a información presentada polos licitadores co obxectivo de poder identificar o grao de concordancia da oferta técnica coa oferta económica.
- Permitir a correcta avaliación das ofertas
- Garantir o cumprimento do contrato da oferta clasificada en primeiro lugar.

A.1.- CONTIDO DA OFERTA DETALLADA:

A presentación detallada da oferta económica en formato de “oferta detallada”, deberá ser achegada en soporte dixital (formato compatible con “calc” de libre office ou “excel” de Ms office) dentro do sobre “C”. Este documento deberá presentar o seguinte grado de detalle:

A.1.1.- Custes de persoal: o contido deste apartado deberá indicar a aplicación dos custes dos salarios de aplicación en relación aos condicionantes derivados das obrigas de cumprimento do convenio colectivo de aplicación e os condicionantes descritos no PPTP. Así mesmo deberá contemplar detalladamente os diversos custes de aplicación (seguridade social, vacacións, e calquera outro custe vinculado de forma directa ao persoal).

Esta estrutura de custes deberá responder á calidade da prestación dos servizos que o licitador ofertou no PLAN DE SERVIZOS, para o cal será necesario que os apartados que conformen os custes de persoal se correspondan coas referencias obrigadas a describir polo licitador nos apartados do PLAN DE SERVIZOS. Ademais os custes descritos deben garantir a capacidade económica para desenvolverlo nivel de execución proposto.

Para detallar os custes de persoal o licitador debe cumprimentar no modelo de oferta detallada os custes relacionados coas obrigas do convenio colectivo de aplicación para o ano 2024 - ano enteiro- de acordo coa proposta organizativa proposta. Este calculo determina a referencia económica para poder determinar os custes de aplicación a cada unha das anualidades que se indicará no cadro de cada ano da licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 26 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

Dado que o maior custo do contrato é o da man de obra (rondando o 90,00%), e tendo en conta que o licitador realiza a súa proposta baixo o principio de cumprimento do contrato “a risco e ventura do contratista”, deberá indicar no detalle económico da súa oferta, a posible evolución dos custes de man de obra en relación as obrigas laborais na execución deste contrato e no ámbito do prazo do contrato, identificando o custe de cada unha das anualidades do contrato.

A.1.2.- Custes de explotación: Este apartado da presentación detallada da oferta económica na “oferta detallada” deberá indicar co maior grado de detalle os custes de explotación derivados dos seguintes aspectos: subministros materiais, consumibles, seguros e outros gastos, que son necesarios para a execución dos procesos propostos no PLAN DE SERVICIOS. O licitador deberá indicar na información económica unha estimación dos custes, e deberá ter unha concordancia coa proposta realizada no PLAN DE SERVICIOS da proposta técnica.

A.1.3.- Custes de aplicación dos gastos xerais e beneficio industrial de aplicación ao contrato.

O licitador deberá indicar na súa oferta as porcentaxes de aplicación para os conceptos de gastos xerais (GG) e de beneficio industrial (BI). As porcentaxes (%) indicadas tanto para GG como para BI serán únicas para ambos conceptos na oferta (mesma % para todos os anos de cálculo) sen posibilidade de modificalos para ningún dos anos que se utilizan para calcular o prezo do contrato. Non se poderá variar esta porcentaxe nin para a parte fixa nin para a parte variable dos custes de explotación da oferta detallada. Os gastos xerais e o beneficio industrial serán únicos na oferta e estarán indicados como porcentaxe a aplicar á cifra total de gastos de explotación da parte fixa e da parte variable do contrato.

A cantidade económica que corresponda para os gastos xerais, deberá atoparse relacionada con todos os custes das prestacións indicadas nos diversos apartados do PLAN DE SERVICIOS presentados no sobre B, que a memoria indique que serán prestados pola propia estrutura da empresa, e polo tanto non se atopan contemplados nos custes directos de explotación.

A.1.4.- Amortización máis financiamento do investimento: Este apartado da presentación detallada da oferta económica na “oferta detallada” deberá indicar co maior grado de detalle en relación cos MEDIOS MATERIAS, MAQUINARIA E EQUIPAMENTO (MEDIOS MECÁNICOS) propostos polo licitador, este deberá cumprimentar no modelo de oferta detallada os custes económicos dos mesmos co obxecto de aclarar os importes de amortización e financiamento propostos. Neste apartado deberá indicarse de forma expresa e individualizada o custe da ferramenta informática de control da prestación dos servizos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 27 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

A.1.5.- Xustificación para a determinación do custe hora para a prestación dos servizos da parte variable do contrato en relación ao máximo das 3.000 horas anuais.

O licitador deberá xustificar o método de calculo para a determinación do prezo hora ofertado para a parte variable co contrato.

B.- CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA: valoraranse con ata 55 puntos

Os criterios avaliados mediante fórmula serán puntuados ata un máximo de **100 puntos**. Avaliaranse dous criterios, B1 e B2, de xeito que "**B1+B2 = 100 puntos como máximo**". Ao valor obtido para cada un dos criterios se lle aplicarán os factores de corrección que se indicarán a continuación para cada un deles. Esta puntuación terá un coeficiente de ponderación "B = 55" na puntuación total da oferta.

B.1.- Redución do importe da parte fixa do contrato: valorarase con ata 90 puntos en base 100

A puntuación obterase en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando á parte fixa do orzamento base de licitación o importe ofertado polo licitador para a parte fixa do contrato ambas en euros sen IVE (non será tido en conta o importe correspondente ao custe das 3.000 horas para a parte variable). Dito valor da baixa será expresado en porcentaxe sobre o orzamento base de licitación da parte fixa do contrato (ambos en euros e sen IVE) e para a determinación da puntuación das ofertas presentadas sobre a redución do prezo da parte fixa do contrato serán de aplicación as seguintes fórmulas:

a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $Be < Bi \leq BE$:

$$PE1 = 88,5 + (1,5 * ((Bi-Be)/(BE-Be)))$$

b) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,85*Be < Bi \leq Be$:

$$PE1 = 85 + 3,5 * \left(\frac{Bi - (0,85 * Be)}{0,15 * Be} \right)$$



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 28 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

c) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0,65 * Be < Bi \leq 0,85 * Be$:

$$PE1 = 77,50 + 7,5 * \left(\frac{Bi - (0,65 * Be)}{0,20 * Be} \right)$$

d) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $0 * Be \leq Bi \leq 0,65 * Be$:

$$PE1 = 77,50 * \left(\frac{Bi}{0,65 * Be} \right)$$

Sendo:

PE1 = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 90,00 puntos.

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación para a parte fixa do contrato (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada polo licitador para a parte fixa do contrato (ambas en euros e sen IVE) expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación da parte fixa do contrato (IVE excluído). Non será tido en conta o importe correspondente ao custe das 3.000 horas para a parte variable do contrato.

Be= Valor da porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición: $Bi < Br + \sigma'$, e sempre que dito valor Bi sexa igual ou superior as seguintes referencias:

- Si $Bm \leq 10 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,55$
- Si $Bm > 10\% \text{ e } \leq 18 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,70$
- Si $Bm > 18 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,90$

(Dito calculo será realizado coas ofertas das empresas admitidas e que non se atopen en situación de ofertas anormais ou desproporcionadas, utilizando os criterios definidos para **Bm, Br e σ'** , nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas –apartado 7.D -.

De non cumprirse a condición anterior, o valor "Be" será o resultado das referencia anteriores en relación o rango dos valores Bm



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 29 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación da parte fixa do contrato, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas.

O importe da parte fixa do contrato desagregase nos seguintes conceptos:

- Custes de persoal.
- Custes de explotación.
- Gastos xerais e beneficio industrial.
- Custes de amortización máis financiamento.

Os importes destes conceptos deben ter concordancia coa oferta técnica do sobre B. En caso de discordancia aplicaranse os factores de corrección que se indicarán a continuación para cada un dos conceptos. Deste xeito, a puntuación deste criterio será a seguinte:

$$B1 = PE1 \times [1 - (Ka1 + Ka2 + Ka3 + Kb0 + Kb1 + Kd0 + Kd1 + Kd2 + Kd3 + Kd4)]$$

Se o resultado desta fórmula fose negativo outorgaranse 0 puntos no criterio B1.

A estes efectos inclúese no modelo de proposición económica do Anexo VI unha táboa de custes que deberá ser cumprimentada. A non cumprimentación da mesma será causa de exclusión.

A continuación se describe o **contido de cada un destes conceptos**.

a) Custes de persoal

O licitador deberá indicar os custes de persoal que aplique ao contrato tendo en conta as obrigas derivadas da lexislación laboral aplicable e as derivadas do PPTP que rexe este contrato.

Estes custes deberán corresponderse co ofertado no "PLAN DE SERVIZOS" do sobre "B".

Para calcular os custes de persoal o licitador utilizará o convenio colectivo de aplicación para o ano 2024 - ano enteiro-. A partir deste cálculo deberá estimar o custe do resto das anualidades do contrato.

Este concepto á súa vez desagregarase non seguintes apartados, que son obrigatorios:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 30 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

- (a.0) Categoría Profesional segundo o convenio de aplicación. As dúas categorías profesionais que son obrigatorias son: LIMPADOR/A e PEÓN ESPECIALISTA. Neste apartado do modelo de proposición económica, o licitador deberá indicar calquera outra categoría profesional identificada dentro do PLAN DE SERVIZOS presentado na proposta técnica.
- (a.1.1) estimación da carga laboral base anual en horas efectivas de prestación, e (a.1.2) estimación da carga laboral base anual en número de traballadores equivalentes efectivos.
- (a.2) Salario base anual individual da categoría profesional.
- (a.3) Plus/Convenio. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría.
- (a.4) Custes Antigüidade - Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría.
- (a.5) Custe vacacións. Estimación global para dar cobertura á carga laboral efectiva da categoría.
- (a.6) TOTAL CUSTE SALARIAL. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría.
- (a.7) Seguridade Social. Estimación global anual sobre o total dos custes salariais para toda a carga laboral efectiva da categoría profesional. Cando os custes de Seguridade Social sexan menores ao 30% do total indicado para o apartado (a.6), aos efectos de comprobar o cumprimento dos custes derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, tal e como prevé o artigo 201 da LCSP, poderá solicitarse xustificación ao licitador sobre as eventuais bonificacións de aplicación ás obrigas dos custes da Seguridade Social para a empresa que motivarían que o custe descenda do límite indicado.
- (a.8) TOTAL CUSTE EMPRESA: (a.6) + (a.7).

En caso de que os custes de persoal propostos non sexan concordantes co ofertado no PLAN DE SERVIZOS do sobre B, á puntuación sobre a oferta económica obtida neste concepto (PE1), aplicarase o factor corrector "ka" de acordo coas seguintes premisas:

- Cando no apartado de "custes de persoal" do modelo de proposición económica non se indique o grado de desagregación requirido, se lle aplicará un coeficiente $Ka1 = 0,015$, por cada un dos apartados que non teña o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 31 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

detalle requirido, cun máximo de 0,105. Se entende que non presenta o grado de desagregación requirido cando non se identifique algún dos apartados (a.1.1), (a.1.2), (a.2), (a.3), (a.4), (a.5), (a.6), (a.7) e (a.8) para cada unha das categorías profesionais indicadas. Se entende que tampouco presenta o grado de desagregación requirido cando non se identifique algunha ou ambas das dúas categorías profesionais obrigatorias (LIMPADOR/A e PEÓN ESPECIALISTA) sendo neste caso o coeficiente a aplicar o máximo $Ka1 = 0,105$.

- Cando o sumatorio total do apartado (a.1.1) no modelo de proposición económica para as categorías de LIMPADOR/A e PEÓN ESPECIALISTA, non se corresponda coas "horas de prestación do servizo" establecida na cláusula 6.3 do PPTP (expresada en horas), se lle aplicará o factor corrector "Ka2".

O cálculo realizarase por diferenza porcentual: $Dp\% = \frac{[\text{horas de prestación do servizo do PPTP} - \text{horas de prestación do servizo da oferta (a.1.1)}]}{[\text{horas de prestación do servizo do PPTP}]}$ en valor absoluto, multiplicado por 100.

Como é en valor absoluto, resultará sempre un valor positivo.

O factor corrector será:

- $Ka2=0,050$ para unha diferenza porcentual ($Dp\%$) igual ou maior do 1,00% e menor do 2,50%
- $Ka2=0,100$ para unha diferenza porcentual ($Dp\%$) igual ou maior do 2,50% e menor do 3,50%
- $Ka2=0,200$ para unha diferenza porcentual ($Dp\%$) igual ou maior do 3,50% e menor do 5,00%
- Se a diferenza porcentual ($Dp\%$) é igual ou maior do 5,00%, $Ka2=0,600$
- No caso de que non cubra datos do "total custe persoal" en algún dos anos do modelo de proposición económica (P1), (P2), (P3), (P4) e (P5), aplicarase $Ka3= 0,3$ para cada ano non cuberto con datos, ata un máximo de $Ka3=0,9$.

b) Custes de explotación

O licitador deberá indicar os custes de explotación tendo en conta as obrigas derivadas do PPTP que rexe este contrato. Estes custes serán os relativos á ferramenta informática de control da prestación dos servizo, subministros materiais, consumibles, seguros e outros gastos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 32 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

Estes custes deberán corresponderse co ofertado no PLAN DE SERVIZOS do sobre "B".

En caso de que os custes de explotación propostos non sexan concordantes co ofertado no PLAN DE SERVIZOS do sobre "B", á puntuación obtida neste concepto aplicarase o factor corrector "kb" de acordo coas seguintes premisas:

- Cando no apartado de "Custes de explotación" non se atope desagregado algún dos apartados indicados no PLAN DE SERVIZOS da oferta técnica (Sobre B), se lle aplicará un coeficiente $Kb0 = 0,010$, por cada un dos apartados que non teña o detalle requirido, cun máximo de $Kb0 = 0,100$.
- No caso de que non cubra os custes de explotación en algún dos anos do modelo de proposición económica (P1), (P2), (P3), (P4) e (P5), aplicarase $Kb1 = 0,3$ para cada ano non cuberto con datos, ata un máximo de $Kb1 = 0,9$.

c) Gastos xerais e beneficio industrial

Os gastos xerais e o beneficio industrial serán únicos na oferta e estarán indicados como porcentaxe a aplicar á cifra total de gastos de explotación máis os custes de persoal da parte fixa do contrato, e para todo o prazo do mesmo.

d) Custes de amortización máis financiamento

O licitador deberá indicar os custes de amortización máis financiamento dos "Medios materiais, maquinaria e equipamento" que achegue ao contrato tendo en conta as obrigas derivadas do PPTP. Estes custes deberán corresponderse co ofertado no PLAN DE SERVIZOS do sobre B.

Con relación a cada tipo de "Medios materiais, maquinaria e equipamento" (c.0) ofertados no sobre "B", o licitador indicará o seu custe unitario (c.1), as unidades propostas (c.2), e o total (c.3).

En caso de que os custes de amortización máis financiamento propostos non sexan concordantes co ofertado no PLAN DE SERVIZOS do sobre B, á puntuación obtida neste concepto aplicarase o factor corrector "kd" de acordo coas seguintes premisas:

- Cando os tipos de "Medios materiais, maquinaria e equipamento" (c.0) do modelo de proposición económica, non coincidan cos indicados no PLAN DE SERVIZOS da oferta técnica (sobre B), aplicarase un coeficiente corrector $Kd0 = 0,05$ por cada tipo de "Medios materiais, maquinaria e equipamento"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 33 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

non incluído no modelo de proposición económica, ata un máximo de $Kd0=0,20$.

- Cando no apartado de custes de amortización máis financiamento non presente o grao de detalle requirido, se lle aplicará un coeficiente $Kd1 = 0,015$, por cada un dos apartados que non teña o detalle requirido, cun máximo de $Kd1 = 0,075$. Se entende que non presenta o grao de detalle requirido cando non identifique algún dos apartados (c.1), (c.2) ou (c.3) para todos os medios propostos en (c.0).
- Cando a identificación do número de unidades (c.2) para cada un dos tipos de "Medios materiais, maquinaria e equipamento" (c.0) non se corresponda cos datos indicados na oferta técnica (PLAN DE SERVICIOS), se lle aplicará un coeficiente $Kd2$, cuantificado do seguinte xeito:

Calcularase primeiro o valor económico que se obteña de multiplicar o número das unidades non incluídas polo importe unitario ofertado. De acordo co importe resultante se lle aplicará o seguinte coeficiente corrector:

$Kd2 = 0,01$ por cada 1.000,00 € do importe calculado (de forma proporcional ata un máximo dun $Kd2 = 0,20$)

- A suma da columna (c.3) que ofrece o valor total dos custes dos tipos de medios materiais, maquinaria e equipamento, debe ser pagada durante o prazo de execución do contrato. Para elo cada licitador proporá o importe que aplique cada ano para pagar a amortización máis o financiamento do custe de adquirir os medios materiais, maquinaria e equipamento, cumprimentando as celas (P1), (P2), (P3), (P4) e (P5). O valor que quede sen pagar ao final do contrato (resta do valor da suma da columna (c.3) menos o valor pagado en todas as anualidades [(P1)+(P2)+(P3)+(P4)+(P5)], non poderá superar ao 25% do valor do total dos custes (suma da columna (c.3)). En caso contrario, aplicaranse os seguintes coeficientes correctores:
 - No caso de que non cubra datos do "total custe A+F" en algún dos anos do modelo de proposición económica (P1), (P2), (P3), (P4) e (P5), aplicarase $Kd3 = 0,3$ para cada ano non cuberto con datos, ata un máximo de $Kd3 = 0,9$.
 - No caso de que o importe que reste por amortizar sexa superior ao 25%, aplicarase $Kd4 = 0,40$.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 34 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

B.2.- Redución do importe da parte variable do contrato: valorarase con ata **10 puntos en base 100**

A puntuación valorarase en relación coa baixa realizada. O valor da baixa ofertada obterase restando á parte variable do orzamento base de licitación o importe ofertado polo licitador para a parte variable do contrato ambas en euros e sen IVE.

Tendo en conta que o licitador ofertará un importe no apartado da parte variable do prezo do contrato para cada un dos anos de vixencia deste, será utilizado como referencia para a valoración deste apartado o importe total da parte variable do contrato para os catro anos. O valor da baixa ofertada obterase restando ao prezo de licitación da parte variable, o prezo ofertado polo licitador para a parte variable do contrato (ambas en euros e sen IVE, e para o total dos catro anos do contrato). Dito valor da baixa será expresado en porcentaxe sobre o orzamento base de licitación da parte variable do contrato (ambos en euros e sen IVE) e para a determinación da puntuación das ofertas presentadas sobre a redución do prezo na parte variable do contrato serán de aplicación as seguintes fórmulas:

a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre $Be < Bi \leq BE$:

$$PE2 = 9,00 + (1,0 * ((Bi-Be)/(BE-Be)))$$

b) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,85*Be < Bi \leq Be$:

$$PE2 = 7,50 + 1,50 * \left(\frac{Bi - (0.85 * Be)}{0.15 * Be} \right)$$

c) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0,65*Be < Bi \leq 0,85*Be$:

$$PE2 = 6,00 + 1,50 * \left(\frac{Bi - (0.65 * Be)}{0.20 * Be} \right)$$

d) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre: $0 * Be \leq Bi \leq 0,65Be$



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 35 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

$$PE2 = 6,00 * \left(\frac{Bi}{0.65 * Be} \right)$$

Sendo:

PE2 = Puntuación sobre a oferta económica: entre 0,00 puntos e 10,00 puntos.

Bi= Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada coma a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación da parte variable do contrato (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada polo licitador (IVE excluído), expresado en tanto por cento con un máximo de dous decimais.

Be= Valor do porcentaxe da baixa da oferta máis económica de todas as que cumpran a seguinte condición: $Bi < Br + \sigma'$, e sempre que dito valor **Bi** sexa igual ou superior as seguintes referencias:

- Si $Bm \leq 10 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,55$
- Si $Bm > 10\% \text{ e } \leq 18 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,70$
- Si $Bm > 18 \%$: $(Br + \sigma') \times 0,90$

(Dito calculo será realizado coas ofertas das empresas admitidas e que non se atopen en situación de ofertas anormais ou desproporcionadas, utilizando os criterios definidos para **Bm**, **Br** e σ' , nos criterios para valoración das posibles baixas anormais ou desproporcionadas –apartado 7.D –.

De non cumprirse a condición anterior, o valor "Be" será o resultado das referencia anteriores en relación o rango dos valores **Bm**.

BE= Baixa da oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación para a parte variable do contrato, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas.

O importe da parte variable do contrato é o resultado de multiplicar o importe do prezo/hora para os traballos baixo demanda de aplicación en cada anualidade do prazo do contrato polo número de horas de cada un deses anos (2024-500 horas; 2025-3.000 horas; 2026-3.000 horas; 2027-3.000 horas e 2028-2.500 horas).

O cálculo do importe da parte variable do contrato debe ter concordancia cos seguintes conceptos que inciden na determinación do prezo por hora para os traballos baixo demanda:



Copia do documento - Concello de Vigo		Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 36 de 54
8173-252		CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv			



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

- a) custe empresa segundo convenio de aplicación para a categoría de limpador/a (d.1)
- b) custes de explotación (d.2)
- c) gastos xerais (d.3)
- d) beneficio industrial (d.4)

Os importes destes conceptos deben ter concordancia coa oferta técnica do sobre "B". En caso de discordancia aplicarase os factores de corrección que se indicarán a continuación para cada un dos conceptos. Deste xeito, a puntuación deste criterio será a seguinte:

$$B2 = PE2 \times [1 - (Ke0 + Ke1 + Ke2)]$$

Se o resultado desta fórmula fose negativo outorgaranse 0 puntos no criterio B2.

A estes efectos inclúese no modelo de proposición do Anexo VI unha táboa de custes que deberá ser cumprimentada. A non cumprimentación da mesma será causa de exclusión.

Os factores de corrección aplicables a este criterio son os seguintes:

- Cando non se indique o grado de detalle requirido, se lle aplicará un coeficiente $Ke0 = 0,010$, por cada un dos conceptos que non teña o detalle requirido, cun máximo de $Ke0 = 0,100$. Se entende que non presenta o grado de detalle requirido cando non se identifique algún dos apartados (d.1), (d.2), (d.3) e (d.4).
- No caso de que non cubra os datos nalgún dos anos do modelo de proposición económica (P1), (P2), (P3), (P4) e (P5), aplicarase $Ke1 = 0,3$ para cada ano non cuberto con datos, ata un máximo de $Ke1 = 0,9$.
- No caso de que o importe unitario consignado nalgún dos anos do modelo de proposición económica na identificación de custes para a determinación do importe/hora sen IVA: (P1), (P2), (P3), (P4) e (P5) sexa inferior ao anterior, aplicarase $Ke2 = 0,3$ para cada ano que sexa inferior ao anterior, ata un máximo de $Ke2 = 0,9$.

C.- Xustificación das fórmulas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 37 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

En base ao obxecto deste contrato, establece a valoración por unha multiplicidade de criterios. Tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato se dará mas preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa o obxecto do contrato se podan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de formulas concretas. Proponse a aplicación dun 55% dos criterios de adjudicación a criterios avaliábeis a través de fórmula e un 45% a través de criterios avaliábeis a través de xuízo de valor, tendo en conta que as peculiaridades específicas da execución desta obra aconsella determinar entre os posibles licitadores o maior grado de coñecemento e organización deste tipo de servizos, así como unha definición detallada, coherente e planificada dos procesos derivados das prestacións obrigatorias, o cal será un garante para a execución das mesmas co maior nivel de calidade posible, polo cal entendese que procede a determinación destes apartados na procura da mellora da execución dos servizos obxecto deste contrato e considerase axustado ao ámbito dos aspectos nos artigos 145 e 146 da LCSP, no cal determinase que a calidade é un dos criterios directamente relacionados co obxecto do contrato.

Sobre os criterios empregados para a determinación da puntuación dos criterios avaliábeis mediante formulas, débese indicar que as formulas elixidas cumpren tanto os criterios legais como a interpretación do Tribunal Central de Recursos contractuais ao respecto. Así as mesmas se atopan definidas no PCAP co suficiente grado de detalle para a súa comprensión. A súa aplicación en todos os casos asignan a maior puntuación prevista a oferta máis alta e a unha puntuación menor á oferta máis baixa, gardando unha adecuada proporción na atribución de puntos ás ofertas intermedias.

Así mesmo débese indicar que non producen ningún dos resultados prohibidos, xa que non outorgan maior puntuación as ofertas que non sexan as máis económicas ao non establecerse limiares de saciedade. Non reducen significativamente as marxes entre as ofertas máis caras e próximas ao prezo de licitación e as máis económicas, e tampouco magnifican as diferencias económicas mínimas, permitindo que opere a totalidade do rango da puntuación establecido, e determinando neste caso concreto os seguintes tramos de puntuación en función dos seguintes criterios de avaliación:

“valoración da maior porcentaxe de baixa sobre o prezo de licitación” ofertado polos licitadores, valorado cun máximo de 90 puntos e unha ponderación do 55%

Tramos de variación en relación ao maior porcentaxe de baixa ofertado sobre o prezo de licitación	Puntos que se reparten
$0 \cdot Be \leq Bi \leq 0,65 \cdot Be$	77,5
$0,65 \cdot Be < Bi \leq 0,85 \cdot Be$	7.5
$0,85 \cdot Be < Bi \leq Be$	3.5



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 38 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA**

**CONCELLO
DE VIGO**



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

<p>Establecese en relación o valor BE (oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas), e un valor resultante $Be = Br$ (media das ofertas admitidas) + σ (desviación típica das ofertas admitidas).</p> <p style="text-align: center;">$Be < Bi \leq BE$</p>	1.5
---	-----

“Prezo ofertado por hora para a execución das horas de servizos para a parte variable do contrato. (PE2)” ofertado polos licitadores, valorado cun máximo de 10 puntos e unha ponderación do 55%

Tramos de variación en relación ao maior porcentaxe de baixa ofertado sobre o prezo/hora de licitación	Puntos que se reparten
$0 * Be \leq Bi \leq 0,65 * Be$	6,00
$0,65 * Be < Bi \leq 0,85 * Be$	1,50
$0,85 * Be < Bi \leq Be$	1,50
<p>Establecese en relación o valor BE (oferta máis económica, en tanto por cento, sobre o orzamento base de licitación, de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas), e un valor resultante $Be = Br$ (media das ofertas admitidas) + σ (desviación típica das ofertas admitidas).</p> <p style="text-align: center;">$Be < Bi \leq BE$</p>	1,0

É de destacar a indeterminación a priori dos puntos nos que cambia a pendente (tendo en conta que ten catro puntos de inflexión, un primeiro e mais importante sitúase no 65% sobre o valor Be, o segundo no 85% de Be, un terceiro ata o valor Be, e un cuarto entre o valor Be e o valor BE (mellor oferta admitida), impedindo desta forma que os licitadores teñan unha referencia previa, evitando formulacións estratéxicas similares por parte dos mesmos.

VIII.9.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DE OFERTAS ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS.

En relación á determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes aos servizos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 39 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

de limpeza obxecto deste expediente, utilízanse os criterios específicos usados en diferentes expedientes de contratación e informados favorablemente pola Intervención Municipal.

Trátase dun sistema que dificulta aos licitadores a acomodación da súa oferta a un limiar próximo á temeridade, polo que, as súas ofertas serán a resultante da análise detallada que cada un dos licitadores faga en relación coa estrutura empresarial, prezos de subministradores, etc. O resultado final da presunción de temeridade encontrase corrixido a través dun factor de temeridade (K) variable, que minora canto maior é o resultado da segunda desviación típica das ofertas (δ').

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación, as proposicións cando contén un valor (Bi) que cumpra as seguintes condicións:

Exceda en (K*δ') ó valor da "baixa de referencia" (Br), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + (K * \delta')$ si $n \geq 5$

Sendo:

Bi= será igual ao valor porcentual que represente a baixa ofertada sobre o orzamento base de licitación para a oferta que se queira valorar. Este calculo será realizado para todas as ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

Br = valor mínimo entre (Bm ou B'm)

Bm = Baixa media calculada. O valor será expresado en tanto por cento, en relación a media aritmética de todos os valores (Bi) calculados das ofertas admitidas.

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$

B'm = media aritmética das (Bi) ofertadas que cumpran a condición seguinte:
 $(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$

δ = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 40 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Exp: 8173-252	TIPO DOC: MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
	SOLICITANTE: Limpeza e xestión de residuos (252)

δ' = desviación típica das (Bi) ofertadas que cumpran a anterior condición sinalada para o cálculo de B'm

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, que cumpran a condición sinalada para o cálculo de Bm, e para o calculo da δ' , "n" será igual ao numero de ofertas que cumpran coa condición sinalada para o calculo de B'm.

K = factor de temeridade, este factor será definido en relación aos seguintes criterios:

- Si $\sigma' \leq 0,5$; K=7,00
- Si $\sigma' > 0,5$ y ≤ 1 ; K=3,20
- Si $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$; K=2,00
- Si $\sigma' > 1,5$ y ≤ 2 ; K=1,40
- Si $\sigma' > 2$ y ≤ 3 K=0,90
- Si $\sigma' > 3$ K=0,60

Cando o número de ofertas sexa inferior a 5, considerarase que están incursas en baixa anormal ou desproporcionada as proposicións cunha Bi que exceda en 2.5 ou máis unidades (unidades porcentuais) ao valor da "baixa de referencia" Br, sendo o valor Br = Bm.

Br = media aritmética das (Bi) ofertadas. Bi calcularase de acordo co exposto no apartado anterior.

Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 2.5$ si $n < 5$

Para os efectos de establecer esta media, terase en conta si existen ofertas de empresas que formen parte dun mesmo grupo, para o cal se actuará segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, cando presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

IX. CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 133 da LCSP, o Órgano de Contratación e os seus servizos dependentes, non poderán divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designen como confidencial no momento de presentar a súa oferta. Con este fin os licitadores deberán designar de forma clara e sen ambaxes (sobreimpresa, á marxe, ou de calquera outra forma que permite a súa identificación), a condición de "confidencial" de un documento ou unha parte de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 41 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

este, ou a parte da información que teña tal carácter. En todo caso, os licitadores que fagan uso desta facultade deberán motivar a confidencialidade da información na lexítima protección de segredos industriais, técnicos ou comerciais, en aspectos confidenciais das súas ofertas e informacións cuxo contido poida ser utilizado pola competencia, neste procedemento de licitación ou noutros posteriores.

A declaración de confidencialidade **non poderá estenderse a todo o contido da oferta** nin efectuarse en termos xenéricos, nin referirse á totalidade da documentación presentada polo licitador nin a todo o contido dos informes e documentación que, no seu caso, xere directa ou indirectamente o órgano de contratación no curso do procedemento de licitación. Unicamente poderá estenderse a documentos que teñan unha difusión restrinxida e, en ningún caso, a documentos que sexan publicamente accesibles.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato ou que, pola súa natureza, deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, contados desde a terminación do contrato.

O adxudicatario queda obrigado a gardar sxiilo respecto a os datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, e dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

Así mesmo, queda obrigado a garantir a confidencialidade e integridade dos datos manexados e da documentación facilitada.

X. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, establécese neste contrato as seguintes condicións especiais de execución de tipo medioambiental:

1. O mantemento ou mellora dos valores medioambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato.
2. Que os produtos utilizados ou subministrados no contrato dispoñan de etiqueta ecolóxica.
3. Unha xestión máis sustentable da auga.
4. A promoción do reciclado de produtos e o uso de envases reutilizalbes.

Xustificación:

A elección destes criterios débese a que son os que mellor se relacionan co obxecto do contrato, tendo en conta que o mesmo implica unha importante utilización de auga e a manipulación de produtos de limpeza.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 42 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

XI. INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 DA LCSP

De conformidade co artigo 130 da LCSP, no Anexo 6 ao PPTP consta a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores, datos proporcionados pola empresa actual adxudicataria dos servizos de limpeza das dependencias municipais.

XII. PRAZO DE GARANTÍA

Para os servizos de xestión de limpeza de dependencias e outras instalacións municipais non se establece prazo de garantía a non ser a responsabilidade derivada da actuación da empresa. En cumprimento do artigo 67.2.t do RDL 1098/2001 do 12 de outubro, xustifícase o non establecemento de prazo de garantía ao tratarse dun contrato de servizos no que non se produce a achega de bens que poidan derivar nunha responsabilidade máis aló da finalización do contrato que se pretende licitar.

XIII. SUBCONTRATACIÓN

Tendo en conta o obxecto do contrato, así como a estruturación do mesmo en relación ás necesidades de persoal coa condición de subrogación, considérase que o adxudicatario pode concertar con terceiros a realización unicamente dos servizos vinculados con actuacións específicas que requiran procesos especializados (traballos en altura, traballos con maquinaria especial, aplicacións de produtos químicos con risco específico, xestión de residuos perigosos, etc).

Poderá tamén subcontratar os servizos complementarios derivados da subministración de materiais, instalacións de elementos como dispensadores de papel, xabón etc., dispensadores bacteriostáticos, dosificadores de xabón, etc.; ou a execución das obras complementarias, debendo someterse as mesmas aos requisitos establecidos no artigo 215 LCSP.

O resto de tarefas e servizos do contrato considéranse esenciais e polo tanto son tarefas críticas do empresario principal e non susceptibles de ser subcontratadas.

XIV. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Tendo en conta o seu obxecto, o presente contrato poderá ser modificado para o que se establecen os seguintes termos e condicións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 43 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

- Circunstancias que determinan a modificación: O incremento ou diminución de espazos a limpar, debido á incorporación dun novo edificio ou parte deste, ou á baixa dun inmoible ou parte deste por deixar de usarse definitivamente.
- Aspectos a modificar: O importe do orzamento do contrato a causa da variación das horas necesarias para executar as tarefas de limpeza nos espazos, instalacións ou equipamentos non incluídos inicialmente no contrato e dentro do ámbito competencial do Concello de Vigo.
- Limites da modificación: As modificacións poderán afectar como máximo ao 20% do prezo da parte fixa do contrato, de conformidade co artigo 204.1 da LCSP.

Para a valoración das modificacións utilizaranse as horas necesarias para abordar as tarefas de limpeza dos novos centros ou dependencias, ou as xa incluídas no contrato cando se trate de espazos que deixan de limparse. Neste caso utilizaranse os prezos unitarios de referencia propostos polo licitador na súa oferta para os servizos baixo demanda; e se non fose posible pola especial característica da modificación, estes fixaranse por procedemento contradictorio.

XV. RESPONSABLE DO CONTRATO

O responsable do contrato coas competencias que lle asigna o artigo 62 da LCSP, será o Xefe do Servizo de Limpeza e xestión de residuos do Concello de Vigo, quen será asistido polo persoal funcionario ou laboral do servizo (inspectores, capataces e persoal de administración) en tarefas propias de vixilancia, control e inspección dos servizos prestados pola empresa adxudicataria.

Se durante a vixencia do contrato fose necesario cambialo, o concelleiro delegado do servizo xestor indicará esta circunstancia ao Servizo de Contratación, o cal formulará a proposta ao órgano de contratación para a súa aprobación. Este cambio non terá a consideración de modificación contractual.

Corresponderanlle as funcións que determine o PCAP.

XVI. SEGUROS

Esíxese a subscripción das oportunas pólizas de seguros, que deberán cumprir cos requisitos aquí sinalados:

1.- Seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada, co obxecto de cubrir as obrigas derivadas do obxecto do contrato. Dito seguro de Responsabilidade Civil deberá ter un límite de indemnización non inferior a 900.000 euros por sinistro e ano para cubrir os danos materiais e/ou persoais e prexuízos consecuenciais ocasionados a terceiros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 44 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

As garantías mínimas esixidas de Responsabilidade Civil serán:

1. R Civil Explotación – incluíndo a garantía da Responsabilidade Civil Subsidiaria no caso de que se subcontrate algún tipo de traballo ou xestión relacionada co obxecto do contrato.
2. R Civil Patronal – cun sublímite por vítima nunca inferior a 600.000 €
3. R Civil post-traballo/servizos
4. Defensa xurídica e Fianzas.
5. Neste caso o Concello de Vigo, debe figurar como asegurado adicional sen perder a súa condición de terceiro.

A póliza reseñada deberá prestar cobertura durante todo o período da execución do contrato e ata a conclusión da mesma e polas reclamacións acontecidas durante este período de execución e que sexan reclamados tras 24 meses despois da súa finalización.

2. A contratación de calquera outro seguro de contratación obrigatoria conforme á lexislación vixente durante o período de duración do contrato.

Antes do inicio da execución do obxecto do contrato, o Concello de Vigo disporá de copia das pólizas subscritas e firmadas polas Aseguradoras para cubrir os riscos descritos, ou certificado no seu defecto, así como tamén do correspondente recibo liquidado.

En caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou outro tipo de descubertos no seguro contratado, deberá ser soportada polo contratista.

O contratista queda obrigado a reparar os danos e responder por aqueles riscos que non queden garantidos nas pólizas de seguro descritas anteriormente, a fin de levar a bo término o obxecto do contrato, conforme as obrigas e responsabilidades asumidas. A contratación das pólizas descritas non eximirá nin limitará as obrigas e responsabilidades derivadas do obxecto do contrato.

XVII. LUGAR DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS

O servizo obxecto do contrato prestarase nas dependencias e outras instalacións municipais do Concello de Vigo que se relacionan no anexo 1 do PPTP.

XVIII. VISITA ÁS DEPENDENCIAS E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

Na fase de licitación, as empresas ofertantes poderán coñecer as dependencias nas que prestarán os seus servizos en caso de adxudicación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/08/2024 09:31

Páxina 45 de 54

8173-252

CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZACONCELLO
DE VIGO

Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

Unha vez publicado o anuncio de licitación no perfil de contratante, realizarase unha visita ás instalacións no segundo día hábil seguinte ao da publicación co fin de que os licitadores poidan coñecerlas. A estes efectos os licitadores deberán presentarse na Lonxa da Casa Consistorial do Concello de Vigo ás 09.00 horas. A visita non é obrigatoria para os licitadores.

Os licitadores estarán obrigados a gardar a confidencialidade sobre os datos ou antecedentes aos que accedan en tales visitas, que non sexan públicos ou notorios. Dita información será utilizada aos únicos efectos de preparar as súas ofertas no presente expediente de contratación, non podendo realizar ningún outro uso dos datos obtidos, nin distribuír nin publicar por medio algún os mesmos.

XIX. DATA PREVISTA DO INICIO DO CONTRATO

A data prevista de inicio do contrato é o primeiro día de novembro do 2024.

XX. ETIQUETAS E HABILITACIÓN PROFESIONAL

No presente contrato non se require o establecemento de etiquetas máis que as correspondentes ás certificacións ambientais dos produtos utilizados e dos materiais subministrados e os produtos.

XXI. INFORME DE PROBAS

Non se contempla solicitude de informe de probas.

XXII. CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIO

Non se ceden datos de carácter persoal.

XXIII. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL

Para os efectos da presente cláusula, terá a consideración de Información confidencial toda información de carácter económico, financeiro, técnico, comercial, estratéxico, administrativo ou de outro tipo á que se teña acceso con motivo da execución do obxecto do contrato. En especial a relativa a informes, expedientes administrativos, documentación municipal, coñecementos técnicos, compoñentes de software, instalacións, metodoloxías, produtos, know how, servizos, usuarios de servizos, boas prácticas ou benchmarking, técnicas de management público, políticas públicas e documentos derivados da planificación estratéxica na xestión pública municipal,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 46 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

clientes, actividades comerciais e outros de similar natureza.

Terán tamén a consideración de información confidencial os datos e información de carácter persoal, recollida en calquera soporte, tanto papel como informático, e documentación de calquera outro tipo, que teña sido clasificada como de propiedade exclusiva ou confidencial ou que, pola súa natureza ou polas circunstancias nas que se produza a revelación ou creación, debe de boa fe estimarse como tal.

En cumprimento do deber de segredo e confidencialidade, a mercantil adxudicataria queda suxeita ás seguintes obrigas:

- Seguir as instrucións fixadas polo CONCELLO DE VIGO, en todo o que respecta ao tratamento da información confidencial; non a poderá utilizar e/ou tratar para fins distintos dos expresamente indicados.
- Tratar e utilizar a información confidencial que sexa necesaria para o desenvolvemento das funcións referidas aos traballos de diagnóstico previo á elaboración do obxecto do contrato inherentes a este último e que lle fosen encomendadas.
- Tratar a dita información confidencialmente. Queda expresamente prohibida calquera tipo de comunicación, cesión, transferencia, almacenamento, envío ou entrega non autorizadas expresamente, de calquera información confidencial, xa sexa a outras persoas vinculadas ao CONCELLO DE VIGO non autorizadas para acceder á dita información, xa sexa a terceiros alleos ao CONCELLO DE VIGO. Tampouco poderá gravar información confidencial en calquera soporte electrónico ou dixital, nin imprimilos ou extraelos fóra das dependencias físicas onde desenvolva as funcións profesionais relacionados cos servizos do contrato, salvo que o propio desenvolvemento das ditas funcións así o esixa ou fosen expresamente autorizado para o efecto polo CONCELLO DE VIGO.
- Actuar coa maior dilixencia posible para evitar a publicación ou revelación de calquera información confidencial.
- Observar as políticas adoptadas polo CONCELLO DE VIGO respecto do arquivo, conservación, custodia e destrución da información confidencial en soporte papel.
- Devolverlle ao CONCELLO DE VIGO toda información confidencial que, no momento de terminar a realización dos traballos se atope en poder da empresa, renunciando expresamente a calquera dereito de a reter ou conservar.
- Cumprir as obrigas derivadas da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, efectuando o tratamento e arquivo dos datos consonte aos protocolos e sistemas e observando as garantías establecidas na normativa indicada.

Cando a mercantil adxudicataria desenvolva algunha función nas dependencias físicas de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 47 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

terceiras entidades, deberá observar e seguir as instrucións que, en materia de confidencialidade e segredo, foran fixadas pola entidade e das que fora informada. Na medida en que non resulten incompatibles coas ditas normas ou cando a terceira entidade non establecese nada ao respecto, tamén deberá observar as obrigas previstas neste apartado.

O deber de segredo e confidencialidade, que se deriva destes condicionantes, obriga á mercantil adxudicataria durante a vixencia da relación contractual mantida co CONCELLO DE VIGO e estenderase, en función da tipoloxía de información de que se trate, durante os prazos máximos previstos na lexislación vixente que resulte de aplicación.

A mercantil adxudicataria queda obrigada a observar e cumprir a normativa de seguridade implantada no CONCELLO DE VIGO, que sexa posta en coñecemento entre as e os empregados públicos municipais. Igualmente a aquelas medidas de seguridade que, respecto da información confidencial en soporte físico, electrónico ou dixital, sexan adoptadas polo CONCELLO DE VIGO, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.

A mercantil adxudicataria queda obrigada a observar e cumprir todas as medidas de seguridade necesarias e esixidas polo CONCELLO DE VIGO respecto do tratamento da información confidencial no desenvolvemento das actividades profesionais, sendo irrelevante o soporte que a conteña. En concreto, comprométese a non facilitar baixo ningún concepto a outras persoas e/ou empresas, as claves e/ ou contrasinais de acceso aos sistemas de información do CONCELLO DE VIGO, no suposto de que eventualmente lle fosen facilitadas. Comprométese, igualmente, a utilizar os ditos sistemas coa debida autorización e para fins exclusivamente relacionados coa execución das actividades relacionadas co obxecto do contrato.

A mercantil adxudicataria gardará absoluta confidencialidade e reservará sobre calquera dato ou información á que poida ter acceso con motivo do cumprimento das obrigas derivadas do contrato, cumprindo, en todo caso, co disposto na Lei orgánica 3/2018, 5 de decembro, de protección de datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

Asemade o autor ou autores daqueles proxectos técnicos, que podan ser redactados en execución do contrato, ceden os dereitos derivados do seu traballo ao Concello de Vigo de forma exclusiva tanto en relación aos dereitos morais como patrimoniais, vinculados coa totalidade do contido dos proxectos técnicos elaborados en execución do devandito contrato.

XXIV. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE

Fíxanse condicións especiais de compatibilidade respecto da empresa INTO GALICIA CONSULTING S.L. con CIF B 27802214 por canto a mesma participou na redacción da documentación preparatoria deste contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 48 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

XXV. OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

Obrigas do adxudicatario:

1. Deberá entregar ao responsable do contrato as fichas técnicas, normas de uso, documentación de seguridade, de todos e cada un dos produtos de limpeza e desinfección que a empresa teña previsto utilizar na execución dos traballos contemplados no PPT, nun prazo máximo de quince días dende a sinatura do contrato. Estas fichas e etiquetas deberán actualizarse cada vez que se modifique algún dos elementos a utilizar.
2. Aportar os útiles de limpeza e produtos necesarios para realizar as labores de limpeza das instalacións, que deberán ser biodegradables, sen fosfatos ou con baixo contido neles, envasados en recipientes reutilizables, homologados e coa etiquetaxe pertinente. Non se poderán utilizar substancias químicas perigosas para o medio ambiente.
3. Non poderá utilizar materiais que suporán un risco para os seus traballadores, os usuarios dos servizos ou as instalacións e dependencias municipais.
4. Subministrar os consumibles relacionados no PPT.
5. Se para a realización dalgunha actuación concreta, fóra da limpeza habitual, as instalacións existentes nos centros non fosen adecuadas ou suficientes, serán por conta do adxudicatario todos os trámites, xestións, pagos e obras precisas para a obtención das autorizacións necesarias para executar tal actuación, (permisos de utilización de beirarrúas, xestión de residuos ou cortes de enerxía).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 49 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA
DE
LIMPEZA

CONCELLO
DE VIGO



Exp:	8173-252	TIPO DOC:	MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO
		SOLICITANTE:	Limpeza e xestión de residuos (252)

XXVI. DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

O abaixo asinante declara a ausencia de conflito de interese en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Asemade, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos que conforma o documento, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería-Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Vigo, a data da sinatura dixital

Documento asinado mediante sinatura dixital na data que figura ao marxe por:

O Xefe do servizo de limpeza e xestión de residuos, Benjamín Collazo Rodríguez

O Xefe de Area de investimentos, José Angel Otero Lamas

CONFORME do Concelleiro da Area de Goberno de Fomento e Servizos.

Fco. Javier Pardo Espiñeira



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 50 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO, MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA:

D./Dª., con DNI nº, en nome propio (ou en representación de), informado/a da licitación para a contratación por procedemento aberto de servizos de limpeza da casa consistorial e outras instalacións e dependencias do concello de Vigo, expediente nº 8173-252 , manifesta:

- 1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen esta contratación.
- 2.- Que a proposta foi elaborada conforme ás obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais, sociais e a obriga de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade, ás que se refire o punto 4 da cláusula 11 do PCAP.
- 3.- Propón un prezo sen IVE para a parte fixa do contrato de euros, sendo a cota correspondente o IVE de euros, o que supón un prezo total para a parte fixa do contrato de euros, correspondendo coas seguintes táboas:

a) Custes de persoal

O licitador debe indicar os custes relacionados coas obrigas do convenio colectivo de aplicación para o ano 2024 - ano enteiro- de acordo coa proposta organizativa proposta por cada licitador. Este calculo e un valor estimado para poder xustificar os custes de aplicación a cada unha das anualidades que se indica no cadro de cada ano da licitación

(*) Tendo en conta a previsión para o inicio do contrato, o importe (P1) atópase calculado para o periodo 1 de novembro o 31 de decembro do ano 2024 (2 meses).
Os custes para (P2) ano 2025 completo, (P3) ano 2026 completo, (P4) ano 2027 completo,
(**) (P5) ano 2028 periodo do 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2028 (10 meses)

(a.0) Categoría Profesional segundo o convenio de aplicación	(a.1.1) Estimación da carga laboral base anual en horas efectivas de prestación	(a.1.2) estimación da carga laboral base anual en número de traballadores equivalentes efectivos	(a.2) Salario base anual individual da categoría profesional	(a.3) Plus/Convenio. Estimación gbbal anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	(a.4) Custes Antigüidade - Estimación global da carga anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	Otros gastos de ser necesarios	(a.5) Custe vacacións. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	(a.6) TOTAL CUSTE SALARIAL. Estimación global anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	(a.7) Seguridade Social. Estimación anual para toda a carga laboral efectiva da categoría	(a.8) TOTAL CUSTE EMPRESA (a.6+a.7)	Total custe persoal (P1) (*) 2024	Total custe persoal (P2) 2025	Total custe persoal (P3) 2026	Total custe persoal (P4) 2027	Total custe persoal (P5) (**) 2028	Total custe persoal CONTRATO
Limpiador/a	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Peon especialista	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Totais	-	-	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €
1.- TOTAL CUSTES PERSOAL PARTE FIXA DO CONTRATO											- €	- €	- €	- €	- €	- €

b) Custes de explotación

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/08/2024 09:31 | Páxina 51 de 54

8173-252 | CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



4.- Propón un prezo/hora sen IVE para os traballos baixo demanda de euros para o ano 2024, euros para o ano 2025,..... euros para o ano 2026, euros para o ano 2027 e euros para o ano 2028, correspondendo coa seguinte táboa:

O licitador debe indicar os custes relacionados coas obrigas do convenio colectivo de aplicación para o ano 2024. Este calculo e un valor estimado para poder xustificar os custes de aplicación a cada unha das anualidades que se indica no cadro de cada ano da licitación

CUSTE HORA PARTE VARIABLE (D.0)	(d.1) salario custe empresa segundo convenio de aplicación (calculo hora)	(d.2) custes de explotación	(d.3) % de gastos xerais	(d.4) % de beneficio Industrial	(d.5) Total hora:
12.- Identificación de custes para determinación do importe/hora sen IVA	- €	- €	- €	- €	- €

Os importes hora ofertados de cada anualidade non poderán ser superiores os prezos unitarios establecidos no PCAP

(P1) 2024	(P2) 2025	(P3) 2026	(P4) 2027	(P5) 2028
- €	- €	- €	- €	- €

5.- Propón un prezo sen IVE da parte variable do contrato de euros, sendo a cota correspondente o IVE de euros, o que supón un prezo total da parte variable do contrato de euros, correspondendo coa seguinte táboa:

13.-	Numero de horas anualidad para calculo importe total contrato parte variable
14.-	Importe total parte variable = Importe hora oferta x nº max de horas anuais sen IVE
15.-	IVE 21,00 %
16.-	IMPORTE TOTAL OFERTA PARTE VARIABLE DO CONTRATO CON IVE (14+15)

(P1) 2024	(P2) 2025	(P3) 2026	(P4) 2027	(P5) 2028	TOTAL CONTRATO
500	3.000	3.000	3.000	2.500	
- €	- €	- €	- €	- €	- €
- €	- €	- €	- €	- €	- €
- €	- €	- €	- €	- €	- €

Lugar, data e sinatura do licitador.

.....



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2024 09:31	Páxina 54 de 54
8173-252	CSV: A2AE5E-3H4BCA-C52687-7J7XFD-DJXF5H-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		